

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 17 de xuño de 2016

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. David Regades Fernández
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez

Invitados

D. Santos Hector Rodríguez Díaz

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día dezasete de xuño de dous mil dezaseis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(581).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 3 de xuño de 2016. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(582).- BASES E CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE SUBVENCIÓNS ORIENTADAS A POTENCIAR PROGRAMAS DE PARTICIPACIÓN DE DEPORTISTAS DA CIDADE DE VIGO EN COMPETICIÓNS OFICIAIS DE ALTO NIVEL DE CARÁCTER INTERNACIONAL NA TEMPADA DEPORTIVA 2015/2016. EXPTE. 15112/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 02/06/16 e o informe de fiscalización do 09/06/16, dáse conta do informe-proposta do 14/06/16, do director deportivo-xefe da Ud. técnico-deportiva, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

“Co obxecto de dar continuidade á tramitación do expediente nº 15112/333 sobre as Bases e a Convocatoria específica para potenciar a participación de deportistas da cidade de Vigo en competicións oficiais de carácter internacional na tempada deportiva 2015/2016, e tendo en conta o informe de fiscalización emitido pola Intervención do Concello de Vigo de data 9 de xuño de 2016, procédese a informarse sobre as consideracións detalladas no dito informe de Fiscalización e á modificación da proposta atendendo ás observacións realizadas no mesmo e que a continuación se detallan:

- *No Informe-Proposta debe suprimirse a expresión “en atención á especificidade da subvención e de acordo co disposto no artigo 20.2.a) LSG as bases reguladoras da subvención inclúense na convocatoria da mesma”, xa que tras a reforma realizada pola Lei 15/2014, de 16 de setembro na Lei Xeral de Subvencións é necesario a elaboración independente de convocatoria e bases reguladoras da subvención.*
 - *Sobre esta observación, procedeuse a eliminar a expresión detallada do informe-proposta.*
- *Na Base Quinta apartado sétimo adicado aos requisitos dos solicitantes debe substituírse a referencia ao apartado 5.5 pola referencia ao apartado 5.6.*
 - *Procedeuse a realizar a dita substitución.*
- *Na Base Décima Sexta adicada á xustificación debe suprimirse a expresión “ con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas ata alcanzar como mínimo o 80% do gasto detallado no orzamento de gastos presentado xunto coa solicitude” por ser contrario ao establecido na Base 38.4 das de Execución acerca da forma de xustificación. O Servizo Xestor debe incorporar esta redacción á citada Base.*
 - *Suprimíuse a expresión detallada, e substituíuse por “A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do Orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros”, tal como establece a Base 38.4 das de execución do orzamento do Concello de Vigo do ano 2016.*
- *Deben incorporarse ao expediente os Anexos correspondentes.*
 - *Incorporáronse os anexos ó expediente.*

Por todo o exposto, procédese á modificación da proposta considerando e atendendo ás observacións detalladas:

–Antecedentes:

A actividade deportiva en Vigo, no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación, tanto á participación de entidades deportivas de todas as facetas do deporte, como á participación dos e das deportistas da cidade de Vigo en competicións da máis alta esixencia de rendemento deportivo.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes, atopámonos cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axudas ó desenvolvemento do deporte nas súas distintas manifestacións e a consolidación destes proxectos deportivos

que xera a cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e cidadás.

Os obxectivos xerais destes proxectos de subvencións responden ó desexo de xerar sinerxias orientadas a potenciar proxectos comúns para a cidade de Vigo e propicien a potenciación de colaboracións no ámbito social, destacando no proxecto:

- O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A búsqueda dunha personalidade propia e definida de acción, en base ós principios do compromiso da sociedade sobre os valores do deporte.
- A mellora dos recursos destinados á dinamización do deporte de alto nivel en todos os aspectos é un aspecto fundamental polo que este representa como exemplo para a mocidade.
- A colaboración no financiamento e ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica da actividade deportiva ata o nivel do alto rendemento.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten con referencias de proxectos deportivos de continuidade e futuro no seu entorno.
- Contribuír a que os deportistas e as deportistas vigueses máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de cara a consolidar a imaxe deportiva de Vigo.

En relación cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axudas ós deportistas da cidade de Vigo que participan en competicións internacionais do máis alto nivel, os vixentes orzamentos do Concello de Vigo para o ano 2016 consignan, na partida orzamentaria 3410.480.00.00 "Axudas a deportistas individuais de elite", un crédito por un importe total de 50.000,00€ (cincuenta mil euros), que o Concello de Vigo a través da Concellería de Deportes pretende destinar á actuación de colaboración na financiamento dos gastos ocasionados pola participación dos e das deportistas da cidade de Vigo en competicións oficiais de alto nivel de ámbito internacional durante a tempada deportiva 2015/2016.

O obxecto da proposta de subvención é potenciar a participación de deportistas da cidade de Vigo en competicións oficiais de carácter internacional de alto nivel no período comprendido entre o 1 de setembro de 2015 e o 30 de agosto do 2016.

O obxecto desta convocatoria ven a desenvolver as actuacións de promoción do deporte en beneficio do desenvolvemento deportivo local, definidas no ámbito do artigo 25.2. apartado l) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, e así mesmo, dita actuación atópase recollida no ámbito das competencias definidas para os municipios no artigo 8 apartados 2 e 9, da Lei 3/2012 de 2 de abril del deporte de Galicia.

Con carácter previo ao outorgamento das subvencións deberán aprobarse as bases reguladoras de concesión da subvención nos termos establecidos na Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e proceder a súa convocatoria.

Así mesmo, atendendo ó establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das

Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e tendo en conta a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións e o traslado do seu extracto ao diario oficial correspondente, deberá aprobarse o texto do extracto e da convocatoria de subvencións que se remitirán á Base de Datos Nacional de Subvencións, e que se anexan ó expediente. Considerando tales preceptos legais, adxúntanse como anexos na proposta de aprobación o texto da convocatoria e o extracto da mesma tanto en castelán como lingual oficial do Estado como en Galego (Anexos III.1, III.2, IV.1 e IV.2 respectivamente), tal como establece o punto cuarto da Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións.

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

A lexislación aplicable ás bases reguladoras e convocatoria específica destas subvencións será a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2016; así como as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Por todo o exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobación das bases reguladoras para a concesión de subvencións orientadas a potenciar a participación de deportistas da cidade de Vigo en competicións internacionais de alto nivel durante a tempada deportiva 2015/2016.

SEGUNDO: Aprobación do texto da convocatoria para a concesión de subvencións orientadas a potenciar a participación de deportistas da cidade de Vigo en competicións internacionais de alto nivel durante a tempada deportiva 2015/2016 e do extracto da mesma, que se remitirán á Base de Datos Nacional de Subvenciones, en base ó establecido na Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións.

TERCEIRO: Autorizar e dispoñer o crédito de 50.000,00 € (Cincuenta mil Euros) con cargo á partida ornamantaría 3410.480.00.00 "Axudas a deportistas individuais de elite" do vixente orzamento.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

“BASES ESPECÍFICAS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE SUBVENCIONS ORIENTADAS A POTENCIAR PROGRAMAS DE PARTICIPACION DE DEPORTISTAS DA CIDADE DE VIGO EN COMPETICIONS OFICIAIS DE ALTO NIVEL DE CARACTER INTERNACIONAL NA TEMPADA DEPORTIVA 2015/2016

O obxecto destas bases ven a desenvolver as actuacións de promoción do deporte en beneficio do desenvolvemento deportivo local, definidas no ámbito do artigo 25.2. apartado l) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, e así mesmo, dita actuación atópase recollida no ámbito das competencias definidas para os municipios no artigo 8 apartados 2 e 9, da Lei 3/2012 de 2 de abril del deporte de Galicia.

En relación cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte en beneficio do desenvolvemento deportivo local, a través do apoio, difusión e axudas ós e ás deportistas da cidade de Vigo, os vixentes orzamentos do Concello de Vigo para o ano 2016 consignan, na partida orzamentaria 3410.480.00.00 “Axudas a deportistas individuais de elite”, un crédito por un importe total de 50.000,00 € (Cincuenta mil Euros); crédito orzamentario que o Concello de Vigo, a través da Concillería de Deportes, destina a colaborar na financiamento de programas de participación de deportistas da cidade de Vigo en competicións oficiais de alto nivel e de ámbito internacional.

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

As bases que seguen teñen por obxecto regular a concesión destas subvencións e iniciar o procedemento para a dita concesión.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

O obxecto das subvencións a que se refiren as presentes bases é potenciar a participación de deportistas da cidade de Vigo en competicións oficiais de carácter internacional de alto nivel no período comprendido entre o 1 de setembro de 2015 e o 30 de agosto do 2016.

SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES.

Serán gastos subvencionables os que de xeito determinado estean vinculados directamente con conceptos relacionados coa participación dos e das solicitantes en competicións de carácter oficial federado de ámbito internacional incluídas nas categorías detalladas no apartado sétimo das bases. En xeral serán subvencionables todos os gastos ocasionados derivados directamente da participación en competicións oficiais federadas de ámbito internacional.

As subvencións teñen un carácter único e, aínda que se poda valorar a participación dos/das deportistas en varias competicións, enténdese que o total da subvención é polos gastos xerados pola actividade realizada entre o 1 de setembro de 2015 e o 30 de agosto de 2016.

TERCEIRA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 50.000,00 € (Cincuenta mil Euros) que se farán efectivas con cargo á partida orzamentaria 3410.480.00.00 “Axudas a deportistas individuais de elite”. Poderán outorgarse subvencións superando esta contía sen nova convocatoria cando se dean as circunstancias previstas no artigo 31.2 da Lei de subvencións de Galicia.

CUARTA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN.

1.- Estas subvencións serán compatibles con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade, procedente de calquera outra administración, ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

2.- O/A beneficiario/a deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

3.- En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

QUINTA. - REQUISITOS DOS/AS BENEFICIARIOS/AS.

- 5.1- Poderán solicitar unha subvención:
 - Deportistas de forma individual (ou os seus representantes legais no caso de menores de idade) que cumpran os requisitos establecidos nas bases da convocatoria.
 - Entidades deportivas en representación dos/das deportistas individuais vinculados/as con elas incluídos nos seus programas de participación en competicións de ámbito internacional, e que cumpran cos requisitos establecidos nas bases da convocatoria.
- 5.2.- Os/As solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estar incurso en prohibición para ser beneficiario da subvención das previstas no citado artigo para o que se esixirá aos solicitantes unha declaración de non estar incurso nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10 da Lei 9/2007.
- 5.3.- Acreditarán acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e para coa Seguridade Social mediante a presentación das certificacións ás que se refire o artigo 22 do RD 887/2006, 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- 5.4.- Autorizan á Comisión avaliadora a solicitar ós departamentos responsables, e comprobar de oficio, os datos e a documentación que acredite que se achán ao corrente das súas obrigas Tributarias coa Axencia Tributaria e o Concello de Vigo. Entenderase que o solicitante, ao presenta-la solicitude de subvención, consente tal extremo.
- 5.5.- En calquera dos casos, entenderase que o/a solicitante, ao presenta-la solicitude de subvención, autoriza á comisión avaliadora para solicitar e comprobar de oficio os datos e certificados acreditativos necesarios ós departamentos administrativos responsables.
- 5.6.- Requisitos específicos para Deportistas solicitantes:
 - Estar empadroado na cidade de Vigo como mínimo desde xaneiro do 2015, e ter licenza federativa no ano 2016 ou da tempada 2015/2016, segundo o caso, vinculada a unha entidade deportiva sen ánimo de lucro con sede social na cidade de Vigo, con carácter previo á publicación da convocatoria.
 - Competir como deportista dunha modalidade deportiva individual, participando como deportista individual, en parella ou trío.

- Non estar cumprindo sanción disciplinaria ou administrativa en materia deportiva de carácter grave ou moi grave.
- Cumprir un dos seguintes requisitos:
 - Estar recoñecido/a pola Secretaría Xeral para o deporte como deportista galego/a de alto nivel segundo a última lista publicada no DOG no momento da finalización do prazo para a presentación da solicitude de subvención.
 - Estar clasificado na fase nacional previa ó campionato internacional obxecto da solicitude de subvención.
 - No caso de que a competición dependa de Ranking, que o/a deportista estea clasificado/a entre o 20% dos mellores deportistas do Ranking nacional ou Internacional segundo o caso.
- 5.7.- Requisitos específicos para entidades solicitantes:
 - Que os/as deportistas integrados/as no programa obxecto da solicitude cumpran os requisitos establecidos no apartado 5.6 e non haxan solicitado a axuda de forma individual polo mesmo obxecto no ámbito desta mesma convocatoria de subvencións.
 - Poderán solicitar e obter estas axudas os clubs deportivos, asociacións e agrupacións deportivas, e entidades deportivas que teñan o seu enderezo social en Vigo, teñan personalidade xurídica propia, carezan de ánimo de lucro, cumpran os requisitos que establecen as presentes bases e convocatoria, e desenvolvan un programa específico de competición de alto nivel de carácter internacional orientado a deportistas individuais, parellas ou tríos con ficha federativa vinculada á entidade durante a tempada deportiva 2015/2016 ou no ano 2016 segundo o caso.
 - Quedan excluídas expresamente de esta convocatoria:
 - As federacións deportivas.
 - Os clubs pertencentes ou integrados en institucións oficiais.
 - As entidades deberán estar integradas en competicións oficiais ou campionatos organizados polas federacións deportivas, e sen ter consideración de club ou equipo profesional.

SEXTA.- OBRIGAS DOS/DAS BENEFICIARIOS.

1.- Serán obrigas dos/das beneficiarios/as das subvencións, ademais das previstas nestas bases e convocatoria e das sinaladas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia, as que seguen:

- α) Realizar a actividade deportiva subvencionada consonte co proxecto presentado coa solicitude, deixando constancia da financiamento municipal en calquera actividade coa inclusión da imaxe corporativa oficial.
- β) Responder da veracidade dos datos da solicitude, baixo a persoal responsabilidade da persoa que subscriba a solicitude.
- χ) Dar a adecuada publicidade á financiamento municipal da actividade subvencionada en calquera actividade ou evento no que participe ó longo do ano 2016.

SÉTIMA.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN.

1.- Para efectuar aen conta os seguintes criterios e baremo de puntuación.

- a) Nivel da competición.
 - Campionato de Europa: Ata 10 puntos.

- Categoría absoluta: 5 puntos por campionato.
- Outras categorías: 4 puntos por campionato.
- **Campionato do Mundo: Ata 20 puntos.**
 - Categoría absoluta: 10 puntos por campionato.
 - Outras categorías: 5 puntos por campionato.
- **Outras competicións oficiais de ámbito internacional (Copas de Europa, Copas do Mundo, circuitos oficiais...): Ata 5 puntos.**
 - Categoría absoluta: 2,5 puntos por campionato.
 - Outras categorías: 1,5 puntos por campionato.

b) Rendemento deportivo: Segundo o posto acadado nas competicións nas que participe: No caso de participar en varias probas dentro do mesmo campionato, terase en conta o resultado que outorgue unha maior puntuación.

	Outras compet. Intrais		Cto. Europa		Cto. Mundo	
	Cat. Absol.	Outras cat.	Cat. Absol.	Outras cat.	Cat. Absoluta	Outras cat.
1º a 4º Posto	3 puntos	2 puntos	10 puntos	5 puntos	20 puntos	10 puntos
5º a 8º Posto	1,5 puntos	1 puntos	8 puntos	4 puntos	15 puntos	7,5 puntos
Participación	1 puntos	0,5 puntos	3 puntos	1,5 puntos	6 puntos	3 puntos

c) Ámbito territorial do desprazamento: Valorarase o desprazamento a cada unha das competicións nas que participe o/a solicitante.

	Outras compet. Intrais.	Cto. Europa	Cto. Mundo
España/Portugal	1 puntos	5 puntos	6 puntos
Resto do Mundo	3 puntos	10 puntos	12 puntos

d) Duración do Campionato: Valorarase a duración de cada unha das competicións nas que participe o/a solicitante. En todos os casos, computará como primeiro día de competición o día anterior ó inicio oficial da participación do/da deportista na mesma, ata o último día oficial de competición oficial.

- **Campionato de Europa: Ata un máximo de 10 puntos.**
 - España/Portugal: Ata un máximo de 5 puntos por campionato. Valorarase 1 punto por día de competición.
 - Resto do Mundo: Ata un máximo de 10 puntos por campionato. Valorarase 1 punto por día de competición.
- **Campionato do Mundo: Ata un máximo de 12 puntos.**
 - España/Portugal: Ata un máximo de 6 puntos por campionato. Valorarase 1 punto por día de competición.
 - Resto do Mundo: Ata un máximo de 12 puntos por campionato. Valorarase 1 punto por día de competición.
- **Outras competicións oficiais Internacionais de alto nivel (Copas de Europa, Copas do Mundo, circuitos oficiais...): Ata un máximo de 6 puntos.**

- España/Portugal: Ata un máximo de 3 puntos por campionato. Valorarase 0,5 puntos por día de competición.
- Resto do Mundo: Ata un máximo de 6 puntos por campionato. Valorarase 0,5 puntos por día de competición.

OITAVA.- CONTÍA E LÍMITE INDIVIDUALIZADA DAS SUBVENCIONS.

1.- O importe total da convocatoria distribuirase entre a suma total de puntos acadados pola totalidade das solicitudes admitidas, obtendo desta forma o valor unitario do punto.

No caso de que a solicitude sexa remitida por unha entidade, farase unha valoración individualizada para cada un/unha dos/das deportistas integrados no programa presentado e que cumpriran os requisitos da convocatoria.

A subvención para cada beneficiario/a calcularase multiplicando o valor unitario do punto polos puntos obtidos en cada caso, cos límites establecidos por tipo de competición segundo os seguintes criterios, e que non poderán superar o límite individual:

- Importes máximos por tipo de competición: Os importes máximos das subvencións establecidos para cada *tipo de competición* serán os establecidos a continuación. No caso de que o importe resultante da baremación e puntuación vinculada a cada tipo de competición e categoría supere o importe máximo para cada unha delas, este axustarase ó límite establecido para cada un dos casos segundo se detalla:
 - Outras competicións oficiais Internacionais:
 - Categoría absoluta: Ata 1.500,00€.
 - Outras categorías: Ata 1.200,00€.
 - Campionato de Europa:
 - Categoría absoluta: Ata 3.000,00€.
 - Outras categorías: Ata 2.000,00€.
 - Campionato do Mundo:
 - Categoría absoluta: Ata 4.000,00€
 - Outras categorías: Ata 2.500,00€
- Límite de subvención máximo por deportista: O importe total máximo destinado para cada un/unha dos/das deportistas beneficiarios/as de forma individual será de 6.000,00€. No caso de que o importe resultante da baremación e puntuacións obtidas no criterio "tipo de competición" supere este importe máximo (6.000,00€), dita cantidade axustarase a este límite establecido.

NOVENA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIONS.

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva que se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

DÉCIMA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

As presentes Bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO) e con posterioridade remitirase a Convocatoria á Base de datos Nacional de Subvencións, que será quen lle dea traslado ao BOPPO do extracto da mesma, sen prexuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

O prazo para presentar as solicitudes a esta convocatoria será de 20 días naturais a partir do día seguinte da data de publicación do extracto da convocatoria no BOPPO.

DECIMO PRIMEIRA.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN.

1.- Coa solicitude, segundo o modelo que figura como anexo I.1 do expediente, deberase achegar a demais documentación esixida nestas bases, segundo os modelos, no seu caso, que figuran nos demais anexos da convocatoria.

2.- A instancia de solicitude será asinada polo/a solicitante, polo representante legal en caso de menores de idade, ou polo/a representante legal da entidade peticionaria no seu caso caso, e presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, ou por algún dos procedementos previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións do Procedemento Administrativo Común.

3.- Coa instancia de solicitude deberá achegarse a seguinte documentación.

1. Anexos: Modelos e certificados de solicitude correspondentes ós anexos I de solicitude da subvención:

1.	Anexo I.1	2.	<u>Instancia de solicitude da subvención.</u>
3.	Anexo I.2	4.	<u>Certificado das competicións</u> e categoría na que participa (No caso das entidades, un documento por cada deportista polo/pola que se solicita subvención).
5.	Anexo I.3	6.	<u>Orzamento equilibrado</u> de Ingresos e de gastos do programa.
7.	Anexo I.4	8.	<u>Declaración responsable.</u>

2. Outra documentación obrigatoria:

2.1.Certificado Orixinal actualizado da titularidade da conta bancaria do/da solicitante, ou no caso de menores de idade, do/da seu/súa representante legal.

2.2.Copia do DNI de cada un/unha dos/das deportistas solicitantes e dos/das representantes legais no caso de menores de idade.

2.3.Só para entidades:

- Copia do acta de constitución da actual xunta directiva.
- Copia do D.N.I. do presidente da entidade asinante da solicitude de subvención.
- Copia do DNI de cada un/unha dos/das deportistas integrados/as no proxecto obxecto da solicitude de subvención e dos/das seus representantes legais no caso de menores de idade.
- Copia do código de identificación fiscal da entidade solicitante, ademais dos DNI de cada un/unha dos/das deportistas integrados no programa sobre o que se solicita a subvención.

2.5.Proxecto das actividades da entidade, cos datos concretos referentes ás competicións sobre as que solicita subvención, programa completo de adestramentos e competicións, formato das competicións, resultados...

DÉCIMO SEGUNDA.- SUBSANACIÓN DA SOLICITUDE.

Consonte co establecido no artigo 20.5 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 71 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, se a documentación aportada fora incompleta ou non reunira os requisitos esixidos na presente convocatoria, o/a solicitante será requirido/a

para que complete a documentación ou amañe a falla no prazo de 10 días hábiles, contados a partir da recepción da notificación, coa advertencia de que se non o fixera se lle terá por desistida a súa solicitude e archivarase o expediente.

DECIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE.

As presentes Bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO) e con posterioridade remitirase a Convocatoria á Base de datos Nacional de Subvencións, que será quen lle dea traslado ao BOPPO do extracto da mesma, sen prexuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

Publicidade do financiamento público. Os/As beneficiarios/as das subvencións deberán empregarlo distintivo do Concello de Vigo en tódalas actividades e comunicacións que promovan e en todas as equipacións, publicacións, carteis, rótulos e demais elementos de difusión ou publicidade será indispensable mencionar á “Concellería de Deportes – Concello de Vigo” sempre que a súa regulamentación o permita.

DÉCIMO CUARTA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN.

1.- A Concellería de Deportes será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións. A avaliación das mesmas se realizará por unha Comisión de Valoración composta polo Concelleiro de Deportes, o Xefe de Servizo da Área de Deportes e un Técnico da mesma área que actuará como secretario.

2.- A Comisión Avaliadora, a través da Concellería de Deportes, como órgano instrutor, formulará proposta de concesión das subvencións á Xunta de Goberno Local consonte a avaliación realizada. A proposta incluirá o informe do órgano instrutor no que conste que da información que ten no seu poder se desprende que os beneficiarios cumpren con todos os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

3.- A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas. O prazo para a instrución e resolución do expediente será de seis meses, como máximo, desde o último día de prazo de presentación das solicitudes no Rexistro Xeral do Concello e a súa resolución notificarase ós solicitantes no prazo de dez días a partir da súa data, de acordo co previsto no artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

4.- A resolución da Xunta de Goberno Local, sobre concesión das axudas, esgota a vía administrativa e contra a mesma poderá interpoñerse recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar do día seguinte ó da súa notificación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses desde o seguinte ó da notificación, de acordo co artigo 116 da lei 30/1992, de 26 de novembro e 8.1 e 46 da Lei Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

5.- Transcorrido o devandito prazo de seis meses sen que a Xunta de Goberno Local dite resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda. Esta desestimación presunta poderá ser recorrida en reposición no prazo de tres meses máis. Transcorrido este último prazo unicamente poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, sen prexuízo, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.

6.-Os/As beneficiarios/as das axudas están obrigadas no prazo de dez días a contar do seguinte ao da notificación a comunicar por escrito á Concellería de Deportes a aceptación ou renuncia das axudas, transcorrido este prazo sen manifestación expresa entenderase tacitamente aceptada.

7.- Transcorridos seis meses a partir do día seguinte ó da terminación do prazo de presentación das solicitudes sen que os interesados obteñan unha resposta expresa, entenderase desestimada a solicitude.

DÉCIMO QUINTA.- SUBCONTRATACIÓN.

Os beneficiarios non poderán subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

DÉCIMO SEXTA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCiónS.

1.- Os/As beneficiarios/as das subvencións dispoñen ata o 21 de outubro de 2016 (Incluído) para xustificar o cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.

O prazo sinalado para a xustificación poderá ser ampliado se concorreran causas que o xustifiquen, previa aprobación do mesmo por parte da Xunta de Goberno Local.

“Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario/a para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario/a das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan”.

2.- Ao efecto de xustifica-la subvención os/as beneficiarios/as deberán achegar:

- Memoria de actuación xustificativa do cumprimento do proxecto e actividades subvencionadas, cuns contidos mínimos no aspecto deportivo (Incluíranse os datos referentes ás competicións subvencionadas, os resultados, o ámbito e o nivel acadado nas competicións, material gráfico impreso,...).
- Os cuestionarios e documentación debidamente cumprimentada que figura no anexo II destas Bases (Modelos para a xustificación):

Anexo II.1	Relación de facturas presentadas como xustificación polo importe subvencionado.
Anexo II.2	Declaración responsable
Anexo II.3	Balance final de ingresos e gastos

c).- Xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto subvencionado polo importe subvencionado, en relación co apartado ou apartados para o cal está destinada a axuda coas seguintes especificidades:

1º.- A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do Orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o

seu custo total foi de euros. As facturas serán orixinais e deberán recoller o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.

2º.- Importe xustificativo: Terase en conta como importe xustificativo a Base Imponible do importe das facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente que se presenten como xustificación, excepto que se acredite debidamente mediante certificado da axencia Tributaria que o/a solicitante está exento/a de IVE, ou se acredite mediante declaración responsable que “o importe do IVE derivado dos gastos da axuda a xustificar en relación á subvención concedida pola Concellería de Deportes do Concello de Vigo en relación ó desenvolvemento do proxecto subvencionado, é asumido polo/a beneficiario/a ao non poder deducilo”.

3º.- Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

4º.- Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais emitidos polas Federacións que recollan adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base á eficacia administrativa do mesmo.

5º.- Se o/a beneficiario/a solicitara a devolución do orixinal presentado, deberá facelo xunto coa presentación da documentación xustificativa. A área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal. En todo caso, a solicitude de devolución das facturas deberá ser efectuada, por escrito, xunto á presentación da xustificación, e sempre previamente ó pago da subvención acadada.

d.- Calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello de Vigo, en relación coa xustificación da subvención.

DÉCIMO SÉTIMA.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCIÓNS.

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión, será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe da unidade Técnico-Deportiva do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.

DECIMO OITAVA.- OBRIGA DE INFORMACIÓN.

Os/As beneficiarios/as deberán facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DECIMO NOVENA.- PAGAMENTO.

1.- O pagamento da subvención terá lugar logo da xustificación polo/a beneficiario/a da actividade para a que se concedeu a subvención.

2.- Antes de proceder ao pago da subvención os/as beneficiarios/as (Ou os representantes legais no caso de menores de idade) deberán acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

VIXÉSIMA.- PÉRDIDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIÓNS. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. Perda do dereito ao cobro:

- a) Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención o incumprimento por parte do/da beneficiario/a da subvención de calquera das obrigas previstas nestas bases reguladoras e especialmente as obrigas ás que se condiciona o pago único da subvención; o incumprimento dos requisitos, condicións e demais circunstancias que determinaron o outorgamento da subvención; a variación da finalidade da actuación; a falta de xustificación da subvención ou a insuficiencia desta; á obtención concorrente doutras axudas, que determinarían o reintegro da municipal e a concorrencia dalgunha das causa previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.
- b) Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e do seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá a perda do dereito a subvención ou o seu reintegro na mesma proporción. En todo caso procederá a redución da subvención, coa conseguinte perda do dereito ao cobro, ou, no seu caso o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.
- c) A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

2.- Nulidade, reintegro, infraccións e sancións:

- a) Canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Procederá o reintegro das cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 33 LSG.
- b) Canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer os/as beneficiarios/as destas axudas e procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

1.- Os datos dos/das solicitantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das

presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso desta convocatoria, polo que a súa achega é obrigatoria.

2.- Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

O/A beneficiario/a poderá exercer-los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

VIXÉSIMO SEGUNDA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN.

A presente convocatoria rexerese pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2016, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Vigo, na data da sinatura dixital

CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE SUBVENCIÓNS ORIENTADAS A POTENCIAR PROGRAMAS DE PARTICIPACIÓN DE DEPORTISTAS DA CIDADE DE VIGO EN COMPETICIÓN OFICIAIS DE ALTO NIVEL DE CARÁCTER INTERNACIONAL NA TEMPADA DEPORTIVA 2015/2016

O obxecto desta convocatoria ven a desenvolver as actuacións de promoción do deporte en beneficio do desenvolvemento deportivo local, definidas no ámbito do artigo 25.2. apartado l) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, e así mesmo, dita actuación atópase recollida no ámbito das competencias definidas para os municipios no artigo 8 apartados 2 e 9, da Lei 3/2012 de 2 de abril del deporte de Galicia.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

O obxecto das subvencións a que se refiren as presentes bases é potenciar a participación de deportistas da cidade de Vigo en competicións oficiais de carácter internacional de alto nivel no período comprendido entre o 1 de setembro de 2015 e o 30 de agosto do 2016.

SEGUNDA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 50.000,00 € (Cincuenta mil Euros) que se farán efectivas con cargo á partida orzamentaria 3410.480.00.00 "Axudas a deportistas individuais de elite".

TERCEIRA. - REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS.

Poderán solicitar esta subvención:

- Deportistas de forma individual (ou os seus representantes legais no caso de menores de idade) que cumpran os requisitos específicos establecidos nas bases da convocatoria.
- Entidades deportivas en representación dos/das deportistas individuais vinculados/as con elas incluídos nos seus programas de participación en competicións de ámbito internacional, e que cumpran cos requisitos específicos establecidos nas bases da convocatoria.

CUARTA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCÍONS.

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva.

QUINTA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

O prazo para presentar as solicitudes a esta convocatoria será de 20 días naturais a partir do día seguinte da data de publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

SEXTA.- BASES REGULADORAS.

1.- A convocatoria coas bases reguladoras da concesión das axudas será publicada no correspondente diario oficial, anunciada na prensa local con referencia ó boletín oficial no que aparece publicada, e na paxina web www.vigo.org, unha vez aprobada pola Xunta de Goberno Local.

A presente convocatoria e as súas bases reguladoras, así como o modelo de solicitude e demais modelos normalizados que constitúen os seus anexos, necesarios para a demanda de estas axudas, facilitaranse nas oficinas da Concellería de Deportes e na propia paxina web do Concello de Vigo.

SÉTIMA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN.

1.- A Concellería de Deportes será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións. A avaliación das mesmas realizarase por unha Comisión de Valoración composta polo Concelleiro de deportes, o Xefe de servizo da área de Deportes e un Técnico da mesma área que actuará como secretario.

OITAVA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCÍONS.

As beneficiarias das subvencións deberán xustificar antes de 21 de outubro de 2016 (Incluído) o cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.

O prazo sinalado para a xustificación poderá ser ampliado si concorreran causas que o xustifiquen, previa aprobación do mesmo por parte da Xunta de Goberno Local.

NOVENA.- PAGO.

1.- O pago da subvención terá lugar tras a xustificación pola beneficiaria da actividade para a que se concedeu a subvención.

Extracto do acordo da Xunta de Goberno Local de data, polo que se aproba a Convocatoria específica para o desenvolvemento do proxecto de subvencións orientadas a potenciar programas de participación de deportistas da cidade de Vigo en competicións oficiais de alto nivel de carácter internacional na tempada deportiva 2015/2016

“De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

Potenciar a participación de deportistas da cidade de Vigo en competicións oficiais de carácter internacional de alto nivel.

SEGUNDA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 50.000,00 € (Cincuenta mil Euros) con cargo á partida orzamentaria 3410.480.00.00

TERCEIRA. - BENEFICIARIOS.

Deportistas de forma individual que cumpran os requisitos específicos establecidos nas bases da convocatoria, e entidades deportivas en representación dos/das deportistas individuais vinculados/as con elas incluídos nos seus programas de participación en competicións de ámbito internacional, e que cumpran cos requisitos específicos establecidos nas bases da convocatoria.

CUARTA.- PROCEDIMIENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIONES.

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva.

QUINTA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

O prazo para presentar as solicitudes a esta convocatoria será de 20 días naturais a partir do día seguinte da data de publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

SEXTA.- BASES REGULADORAS.

A convocatoria coas bases reguladoras da concesión das axudas será publicada no correspondente diario oficial, anunciada na prensa local, e na web www.vigo.org.

SÉTIMA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIONES.

As beneficiarias das subvencións deberán xustificar antes de 21 de outubro de 2016 (Incluído).

SOLICITUDES INDIVIDUAIS:

ANEXO I.1.- INSTANCIA DE SOLICITUDE

SOLICITUDE SUBVENCIÓN INDIVIDUAL ALTO NIVEL TEMPADA 2015/2016						
D/Dna					DNI:	
Enderezo			Localidade:		CP:	
Tlf. 1			Tlf.2		Fax:	
E-Mail a efectos de notificación						
Entidade deportiva vinculada					CIF	
Modalidade:						

E, NO CASO DE MENORES DE IDADE , na súa representación, PAI, NAI, REPRESENTANTE LEGAL,						
Apellidos:			Nome:		DNI:	
Enderezo:			Localidade:		CP:	

E, NO CASO DE MENORES DE IDADE , na súa representación, PAI, NAI, REPRESENTANTE LEGAL,			
Tlf 1:		Tlf 2:	E-mail:

SOLICITA,

da Concellería de Deportes do Concello de Vigo, unha subvención por importe de€ , polo desenvolvemento do programa deportivo de participación en competicións internacionais de alto nivel durante a Tempada deportiva 2015/2016 ou o ano 2016 segundo o caso.

Documentación obrigatoria que se achega coa solicitude:

- 1. Anexo I.1:** Instancia de solicitude.
- 2. Anexo I.2:** Certificado federativo individual de competicións.
- 3. Anexo I.3:** Orzamento equilibrado de Ingresos e de gastos do programa.
- 4. Anexo I.4:** Declaración responsable.
- 5. Proxecto de participación en competicións internacionais de alto nivel obxecto da solicitude.**
- 6. Copia do DNI do/da solicitante (e o representante legal no caso de menores de idade) e da licenza deportiva compulsada.**
- 7. Certificados emitidos polas Administracións Públicas de estar ó corrente coas obrigas da** Tesourería Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia. No caso de menores, os certificados do/da representante legal.
- 8. Certificado orixinal da titularidade da conta bancaria do/da solicitante, ou o/a representante legal no caso de menores.**

O/A que abaixo asina declara que reúne os requisitos establecidos no artigo 10 da LSG, e que todos os datos que contén esta solicitude axústanse ós requisitos establecidos, e que nos comprometemos a cumprir co disposto nas bases da subvención, e polo tanto solicito. Así mesmo autorízase ó Concello de Vigo a solicitar e/ou verificar de oficio os datos e certificados que estime oportunos en relación á solicitude presentada.

A completar pola Administración	
Data de entrada	
Nº expediente	

Sinatura do/a solicitante	Sinatura do/da Representante legal no caso de menores

Vigo, de de 2016
Sr. CONCELLEIRO DELEGADO DE DEPORTES

ANEXO I.2.CERTIFICADO INDIVIDUAL DE COMPETICIÓN INTERNACIONAIS

SOLICITUDE SUBVENCIÓN COMPETICIÓN INTERNACIONAL

D/Dna.		DNI	
Secretario/a da Fed.			
CERTIFICA QUE son certos os datos que a continuación se detallan:			

D/Dna.		DNI	
Nº Lic		Categoría	
Club		CIF	
Sede Social Club co que compite (Cidade)			

Participou, entre o 01/09/2015 e o 30/08/2016, nas competicións que a continuación se detallan segundo os datos que se especifican:

a) Nome oficial da Competición	b) Nome da proba.	c) Acceso	d) Rendemento (Posto)	e) Lugar (País)	f) Duración		g) Formato de participación
					Inicio	Fin	

a) Nivel da Competición: Detallarse a denominación oficial da competición (Cto. Europa Absoluto..., Copa do Mundo Júnior..., Open....do circuito..., etc).

b) Nome da proba: P. ex. Salto lonxitude, 50m braza, florete, -50kg, etc.

c) Acceso: Especificar se o acceso á participación foi a través de fase nacional previa (F. Previa) ou por Ranking.

d) Rendemento: Detallarse o posto final acadado na competición (1º, 2º, semifinalista...). Se o/a deportista participa en máis dunha proba no mesmo campionato, detallares o mellor posto acadado nunha das probas.

e) Lugar (País): País de celebración do evento.

f) Duración: Detallarse a data oficial de inicio e finalización da competición co formato dd/mm/aa.

g) Formato de participación: Detallarse se o/a deportista participou a nivel individual ou como parte dunha parella ou un trío.

No seu caso, posto no Ranking Nacional/Internacional segundo se trate que da acceso á/as competicións obxecto da solicitude de subvención:

Tipo de Ranking	Posto no Ranking	Nº deportistas que integran o Ranking

Vigo a de de 2016

Sinatura do/a secretario/a da Federación	Conforme do/da presidente/a da Federación	Selo da Federación
--	---	--------------------

ANEXO I.3.- ORZAMENTO EQUILIBRADO DO PROGRAMA

Don/Dna		DNI	
---------	--	-----	--

NO CASO DE MENORES DE IDADE, na súa representación, PAI, NAI, REPRESENTANTE LEGAL,			
Apelidos:		Nome:	
Enderezo:		Localidade:	
Tlf 1:		Tlf 2:	
		E-mail:	

Certifica que o orzamento de ingresos e de gastos do programa obxecto da subvención é o seguinte:

CONCEPTO INGRESOS	IMPORTE
Subvención Concello de Vigo (Importe solicitado)	€
	€
	€
	€
	€
	€
	€
	€
	€
TOTAL INGRESOS	€

CONCEPTO GASTOS	IMPORTE
Transporte	€
Manutención	€
Gastos federativos	€
	€
	€
	€
	€
	€
	€
	€
TOTAL GASTOS	€

Vigo, de de 2016

Sinatura do/a solicitante	Sinatura do/da Representante legal no caso de menores
---------------------------	---

ANEXO I.4.-DECLARACIÓN RESPONSABLE

Don/Dna.		DNI.	
----------	--	------	--

NO CASO DE MENORES DE IDADE, na súa representación, PAI, NAI, REPRESENTANTE LEGAL,			
Apellidos:		Nome:	
Enderezo:		Localidade:	
Tlf 1:		Tlf 2:	
E-mail:			

Declara,

–Ter solicitadas e/ou ten concedidas as seguintes subvencións para o desenvolvemento do programa obxecto da solicitude de subvención:

Organismo no que ten solicitada e/ou concedida a subvención	Importe solicitado	Importe concedido
	€	€
	€	€
	€	€
	€	€

Non estar incurso/a en ningunha das prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Cumprir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria de subvención, e que se autoriza ó Concello de Vigo a facer as verificacións necesarias.

Estar informado/a e autorizar a verificación dos datos incluídos na solicitude de subvención nas áreas competentes.

No caso de haber solicitado unha subvención por importe inferior a 3.000,00€: Certifico, atoparme ao corrente de pagos coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, a Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Seguridade Social e co Concello de Vigo, substituíndo esta declaración ós certificados emitidos por ditos organismos, e autorizando á Concellería de Deportes a facer as verificacións posteriores necesarias.

Que o importe do IVE derivado dos gastos da axuda a xustificar en relación á subvención concedida pola Concellería de Deportes do Concello de Vigo en relación ó desenvolvemento do proxecto subvencionado é asumido polo/a beneficiario/a ao non poder deducirlo.	Si	
	Non	

Vigo, de de 2016

Sinatura do/a solicitante	Sinatura do/da Representante legal no caso de menores
---------------------------	---

ANEXOII.1.-RELACIÓN DE FACTURAS PRESENTADAS - CONTA XUSTIFICATIVA-

Don/Dna.	DNI.
----------	------

NO CASO DE MENORES DE IDADE , na súa representación, PAI, NAI, REPRESENTANTE LEGAL,			
Apelidos:	Nome:	DNI:	
Enderezo:	Localidade:	CP:	
Tlf 1:	Tlf 2:		
E-mail:			

Subvención concedida polo Concello de Vigo	€
Importe xustificado	Base Impoñible
	€ IVE

Relación de facturas para a xustificación da subvención (No mesmo orden no que se presentan os orixinais), outorgada pola Concellería de deportes en relación ó programa desenvolvido polo/a deportista do club:

Nº da factura	Data exped. factura	CIF proveedor	Explicación do gasto	*Base imponible	*IVE

TOTAL	Base Imponible	€	IVE	€
-------	----------------	---	-----	---

D. _____ DNI _____ , ou (No caso de menores de idade)
D. _____ DNI _____ como representante legal do/da primeiro/a,
declara que as facturas que se detallan na conta xustificativa, cuxo importe ascende á cantidade de _____ € de base imponible e _____ € correspondente ó IVE dos devanditos documentos, corresponden con gastos vinculados directamente coa actividade subvencionada pola Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Vigo, de _____ de 2016

Sinatura do/da solicitante	Sinatura do/da representante legal, de ser o caso
----------------------------	---

ANEXO II.2.-DECLARACIÓN RESPONSABLE

Don/Dna	DNI
---------	-----

NO CASO DE MENORES DE IDADE , na súa representación, PAI, NAI, REPRESENTANTE LEGAL,			
Apelidos:	Nome:	DNI:	

DECLARA:

1. Que todos os datos que contén a conta xustificativa se axustan á realidade e cumpren coas bases do programa de subvencións obxecto da solicitude.
2. Que a actividade deportiva subvencionada realizouse tal como figura na memoria presentada e cumprindo todas as características que se declararon na solicitude de subvención.
3. Que a actividade que foi obxecto da subvención foi executada na súa totalidade e o seu custo total foi de

4. Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presentan, aplicáronse á actividade subvencionada.
5. Que as subvencións ou achegas obtidas para as actividades subvencionadas non superaron o custe total da mesma.
6. Atoparse ó corrente coas obrigas tributarias da Seguridade Social, Axencia Tributaria, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e o Concello de Vigo, non é debedora por resolución de procedencia de reintegro e que foi practicada a pertinente retención sobre a Renda das Persoas Físicas sobre os gastos que están suxeitos á retención, así como que esta foi practicada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria (No caso de empregar ditos Xustificantes).
7. Que autoriza ó servizo de Deportes do Concello de Vigo a comprobar a situación de débedas do/da solicitante coa AEAT e co Concello de Vigo.
8. Que ten solicitadas, concedidas e ou recibiu as seguintes subvencións para o desenvolvemento da mesma actividade subvencionada polo Concello de Vigo:

Organismo no que ten solicitada e/ou concedida a subvención	Importe concedido	Importe recibido
	€	€
	€	€
	€	€
	€	€
	€	€

Vigo, de de 2016

Sinatura do/da solicitante	Sinatura do/da representante legal, de ser o caso
----------------------------	---

ANEXO II.3.-BALANCE DE INGRESOS E GASTOS DO PROXECTO

Don/Dna	DNI
---------	-----

NO CASO DE MENORES DE IDADE , na súa representación, PAI, NAI, REPRESENTANTE LEGAL,			
Apelidos:	Nome:	DNI:	

BALANCE DE INGRESOS	IMPORTE
Ingresos patrocinadores	€
Concello de Vigo	€
Fundación Deporte Galego	€
Deputación de Pontevedra	€
Outros (Especificar cales)...	€
	€
	€

BALANCE DE INGRESOS	IMPORTE
	€
	€
TOTAL INGRESOS	€

BALANCE DE GASTOS	IMPORTE
Gastos federativos	€
Gastos desprazamentos	€
Gastos Manutención	€
	€
	€
	€
	€
	€
	€
	€
	€
	€
	€
TOTAL GASTOS	€

Vigo, de de 2016

Sinatura do/da solicitante	Sinatura do/da representante legal, de ser o caso
----------------------------	---

- b) Nome da proba:** P. ex. Salto lonxitude, 50m braza, florete, -50kg, etc.
- c) Acceso:** Especificar se o acceso á participación foi a través de fase nacional previa (F.Previa) ou por Ranking.
- d) Rendemento:** Detallarse o posto final acadado na competición (1º, 2º, semifinalista...). Se o/a deportista participa en máis dunha proba no mesmo campionato, detallares o mellor posto acadado nunha das probas.
- e) Lugar (País):** País de celebración do evento.
- f) Duración:** Detallarse a data oficial de inicio e finalización da competición co formato dd/mm/aa.
- g) Formato de participación:** Detallarse se o/a deportista participou a nivel individual ou como parte dunha parella ou un trío.

No seu caso, posto no Ranking Nacional/Internacional segundo se trate que da acceso á/as competicións obxecto da solicitude de subvención:

Tipo de Ranking	Posto no Ranking	Nº deportistas que integran o Ranking

Vigo a de de 2016

Sinatura do/a secretario/a da Federación	Conforme do/da presidente/a da Federación	Selo da Federación
--	---	--------------------

--	--	--

Nota: A entidade solicitante anexará un Anexo I.3 por cada un/unha dos/das deportistas relacionados/as no anexo I.2.

ANEXO I.4.-ORZAMENTO EQUILIBRADO DO PROGRAMA INDIVIDUAL
--

Don/Dna		DNI	
Secretario/a da entidade deportiva		CIF.	

Certifica que o orzamento de ingresos e de gastos do programa obxecto da subvención desenvolvido polo/a deportista

D/Dna.		DNI	
Nº Lic		Categoría	

é o seguinte:

CONCEPTO INGRESOS	IMPORTE
Subvención Concello de Vigo (Importe solicitado)	€
	€
	€
	€
	€
	€
	€
	€
	€
	€
	€
	€
TOTAL INGRESOS	€

CONCEPTO GASTOS	IMPORTE
Transporte	€
Manutención	€
Gastos Federativos	€
	€
	€
	€
	€
	€
	€
	€
	€
	€
	€
	€
TOTAL GASTOS	€

Nota: A entidade solicitante anexará un Anexo I.4 por cada un/unha dos/das deportistas relacionados/as no anexo I.2.

Vigo, de de 2016

Sinatura do/a tesoureiro/a	Conforme do/da presidente/a	Selo da entidade
----------------------------	-----------------------------	------------------

ANEXO I.5.-DECLARACIÓN RESPONSABLE-ENTIDADES

Don/Dna.		DNI.	
Secretario/a da entidade deportiva		CIF	

Declara,

- Que esta entidade deportiva solicitou e/ou ten concedidas as seguintes subvencións para o desenvolvemento do programa obxecto da solicitude de subvención:

Organismo no que ten solicitada e/ou concedida a subvención	Importe solicitado	Importe concedido
	€	€
	€	€
	€	€
	€	€

Que a entidade deportiva non está incurso en ningunha das prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que segundo consta na acta nºda sesión da xunta directiva celebrada na data, D/Dna..... con DNI:, figura co cargo de Presidente/a, o que lle outorga, segundo os Estatutos da entidade, a representación legal da entidade.

Que os/as deportistas integrados na solicitude de subvención cumpren os requisitos establecidos nas bases da convocatoria de subvención, e que se autoriza ó Concello de Vigo a facer as verificacións necesarias.

Que os/as deportistas, ou os seus representantes legais de ser o caso, están informados e consenten a verificación dos datos incluídos na solicitude de subvención nas áreas competentes.

No caso de haber solicitado unha subvención por importe inferior a 3.000,00€: Certifico, que a entidade se atopa ao corrente de pagos coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, a Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Seguridade Social e co Concello de Vigo, substituindo esta declaración ós certificados emitidos por ditos organismos, e autorizando á Concellería de Deportes a facer as verificacións posteriores necesarias.

Que o importe do IVE derivado dos gastos da axuda a xustificar en relación á subvención concedida pola Concellería de Deportes do Concello de Vigo en relación ó desenvolvemento do proxecto subvencionado é asumido polo/a beneficiario/a ao non poder deducilo.	Si	
	Non	

Vigo, de de 2016

Sinatura do secretario/a	Conforme o/a presidente/a	Selo da Entidade
--------------------------	---------------------------	------------------

Nota: A entidade solicitante anexará un Anexo II.1 por cada un/unha dos/das deportistas.

ANEXO II.2.-DECLARACIÓN RESPONSABLE-ENTIDADES

D/Dna.		DNI:	
Secretario/a da Entidade		CIF:	

DECLARA:

1. Que todos os datos que contén a conta xustificativa se axustan á realidade e cumpren coas bases do programa de subvencións obxecto da solicitude.
2. Que a actividade deportiva subvencionada realizouse tal como figura na memoria presentada e cumprindo todas as características que se declararon na solicitude de subvención.
3. Que a actividade que foi obxecto da subvención foi executada na súa totalidade e o seu custo total foi de

€

4. Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presentan, aplicáronse á actividade subvencionada.
5. Que as subvencións ou achegas obtidas para as actividades subvencionadas non superaron o custe total da mesma.
6. Que a entidade atópase ó corrente coas obrigas tributarias da Seguridade Social, Axencia Tributaria, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e o Concello de Vigo, non é debedora por resolución de procedencia de reintegro e que foi practicada a pertinente retención sobre a Renda das Persoas Físicas sobre os gastos que están suxeitos á retención, así como que esta foi practicada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria (No caso de empregar ditos Xustificantes).
7. Que autoriza ó servizo de Deportes do Concello de Vigo a comprobar a situación de débedas da entidade coa AEAT e co Concello de Vigo.
8. Que esta entidade deportiva ten solicitadas, concedidas e ou recibiu as seguintes subvencións para o desenvolvemento da mesma actividade subvencionada polo Concello de Vigo:

Organismo no que ten solicitada e/ou concedida a subvención	Importe concedido	Importe recibido
	€	€
	€	€
	€	€
	€	€
	€	€

Vigo, de de 2016

Sinatura do/da secretario/a	Conforme do/da Presidente/a	Selo da entidade:
-----------------------------	-----------------------------	-------------------

--	--	--

ANEXO II.3.-BALANCE DE INGRESOS E GASTOS DO PROXECTO

BALANCE DE INGRESOS	IMPORTE
Ingresos socios	€
Ingresos patrocinadores	€
Concello de Vigo	€
Fundación Deporte Galego	€
Deputación de Pontevedra	€
Outros (Especificar cales)...	€
	€
	€
	€
	€
TOTAL INGRESOS	€

BALANCE DE GASTOS	IMPORTE
Gastos federativos	€
Gastos desprazamentos	€
Gastos Manutención	€
	€
	€
	€
	€
	€
	€
	€
	€
	€
	€
TOTAL GASTOS	€

Vigo, de de 2016

Sinatura do/da tesoureiro/a:	Conforme do/da Presidente/a:	Selo da entidade:

Nota: A entidade solicitante anexará un Anexo II.3 por cada un/unha dos/das deportistas.

3(583).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE OBRAS DE “ACCESOS E CUBRICIÓN NA PISCINA DA ETEA”. EXPTE. 15066/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 09/06/16, dáse conta do informe-proposta do 08/06/16, do director deportivo-xefe da Ud. técnico-deportiva, conformado polo secretario de Admon. Municipal e polo concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

“ANTECEDENTES DE FEITO

1.- *O desenvolvemento da actividade deportiva dentro do termino municipal de Vigo implica a realización de diversas obras nas instalacións deportivas, entre as que se atopa o pavillón da ETEA. Nesta instalación, foi preciso contratar externamente a ADAPTACIÓN DO PROXECTO PARA A TRANSFORMACIÓN E ADECUACIÓN DO ESPAZO DEPORTIVO DO PAVILLÓN DA ETEA. O dito proxecto xa fora redactado con anterioridade pola empresa Galaicontrol, S.L., pero ao iniciar o expediente no ano 2016 foi preciso a adaptar o mesmo. En consecuencia, con data 10/03/2016, o concelleiro-delegado de Deportes adxudicou a favor de Galaicontrol, a redacción actualizada do dito proxecto (expte 14957-333)*

2.- *O orzamento vixente para o ano 2016, contempla a partida orzamentaria 3420.632.00.14. “INVESTIMENTO DE MELLORA NAS INST. DEP. DA ETEA”.*

3.- *O proxecto para as “OBRAS DE ACCESOS E CUBRICIÓN DA PISCINA DA ETEA”, CONCELLO DE VIGO, foi redactado pola Enxeñeira D^a Trinidad López Rodríguez, da empresa Galaicontrol, de acordo co proxecto de data marzo de 2016 e que se anexa ao expediente 15066-333, cuxo orzamento base de licitación, IVE incluído, é de trescentos oitenta e cinco mil novecentos oitenta e tres euros con cincuenta e seis céntimos -385.983,56 €.- O prazo estimado para a execución das obras descritas é de CINCO meses.*

4.- *Con data 19 de abril de 2016, os Arquitectos Municipais D. Juan Luis Piñeiro Ferradás e D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso, emiten informe favorable para que poida procederse á contratación das obras.*

5.- *Con data 7/06/2016, por parte do xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, D. Jorge Muñoz Rama, infórmase favorablemente o proxecto de obra elaborado por Galaicontrol.*

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- *A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 121 TRLCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras.*

II.- *Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especificanse, nos artigos 123 e 125 TRLCSP e 125 a 137 do regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.*

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e no mesmo tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación (artigo 121 TRLCSP), que, de acordo coa disposición adicional 2ª. 3 TRLCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 TRLRFL).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 126 TRLCSP).

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Aprobar o proxecto para as OBRAS DE ACCESOS E CUBRICIÓN DA PISCINA DA ETEA", CONCELLO DE VIGO, que foi redactado pola Enxeñeira Dª Trinidad López Rodríguez da empresa Galaicontrol, de acordo co proxecto de data marzo de 2016 e que se anexa o expediente 15066-333, cuxo orzamento base de licitación, IVE incluído, é de TRESCENTOS OITENTA E CINCO MIL NOVECENTOS OITENTA E TRES EUROS CON CINCOENTA E SEIS CÉNTIMOS -385.983,56 €-."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(584).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DA ORGANIZACIÓN DO CARREIRA "PONLE FRENO" O VINDEIRO 19 DE XUÑO DE 2016. EXPTE. 15088/333.

Dáse conta do informe-proposta do 14/06/16, do director deportivo-xefe da ud. técnico-deportiva, conformado polo secretario de Admon. Municipal e polo concelleiro-delegado de Deportes:

"1.- ANTECEDENTES:

A entidade Atresmedia con CIF (B-84171453), solicitou o día 28-04-2016 a través do Rexistro Municipal (Doc. 160054155), autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- Nome do evento: PONLE FRENO
- Data: 19-06-2016
- Horario: 10.00H A 11.30H

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dito evento que terá lugar o domingo 19 de xuño de 2016; a proba comenará ás 10.00h e rematará ás 11.30h; a saída da carreira será dende a rúa Concepción Areal e percorrerá polas rúas Colón, Policarpo Sanz, Puerta del Sol, Elduayen, Paseo de Alfonso XII, vuelta en rotonda de Paseo de Alfonso XII, Falperra, Paseo

de Alfonso XII, Elduayen, Puerta del Sol, García Barbón, vuelta en García Barbón (rotonda de Sanjurjo Badía-sin ocuparla) García Barbón, Isaac Peral, Arenal, Pontevedra, Rosalía de Castro, Colón descendente para chegar a meta en Concepción Arenal.

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- *Policía Local*
- *Protección civil*
- *Seguridade e Mobilidade*

2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Visto o anterior, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo.

3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar a Atresmedia con CIF (B-84171453) a organizar o vindeiro domingo 19 de xuño de 2016 a carreira PONLE FRENO; A proba comenará ás 10.00h e rematará ás 11.30; a saída terá lugar dende o cruce de Concepción Areal con Areal para percorrer polas rúas Colón, Policarpo Sanz, Puerta del Sol, Elduayen, Paseo de Alfonso XII, vuelta en rotonda de Paseo de Alfonso XII, Falperra, Paseo de Alfonso XII, Elduayen, Puerta del Sol, García Barbón, volta en García Barbón (rotonda de Sanjurjo Badía-sin ocupala) García Barbón, Isaac Peral, Areal, Pontevedra, Rosalía de Castro, Colón descendente para chegar a meta en Concepción Arenal.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(585).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DA ORGANIZACIÓN DA XXXIII CARREIRA DE SAN XOAN, O VINDEIRO XOVES 23 DE XUÑO DE 2016. EXPTE. 14832/333.

Dáse conta do informe-proposta do 09/06/16, do director deportivo-xefe da ud. técnico-deportiva, conformado polo secretario de Admon. Municipal e polo concelleiro-delegado de Deportes:

1.- ANTECEDENTES:

A entidade Agrupación Viguesa de Atletismo, con CIF (G-36645109), solicitou o día 30-11-2015 a través do Rexistro Municipal (Doc. 150153904), autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- Nome do evento: XXXIII CARREIRA DE SAN XOAN
- Data: 23-06-2016
- Horario: 21.00H A 22.00H

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dito evento que terá lugar o xoves 23 de xuño de 2016; a proba comezará ás 21.00h e rematará ás 22.00h, a saída da carreira será dende a Praza do Rei e percorrerá polas rúas Camelias, Romil, Pi y Margall, López Mora, Bar Boo. Coruña, Tomás Alonso, Pescadores, Beiramar para rematar no Berbés.

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- Policía Local
- Protección civil
- Seguridade e Mobilidade

2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Visto o anterior, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo.

3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar a entidade Agrupación Viguesa de Atletismo, con CIF (G-36645109), a organizar a XXXIII CARREIRA DE SAN XOAN, o vindeiro xoves 23 de xuño de 2016; a carreira sairá ás 21.00h da Praza do Rei e percorrerá polas rúas Camelias, Romil, Pi y Margall, López Mora, Bar Boo. Coruña, Tomás Alonso, Pescadores, Beiramar para rematar no Berbés ás 22.00h.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(586).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE 31.05.16, DO CONCELEIRO DELEGADO DE ORZAMENTOS E FACENDA, POLA QUE SE APROBA O PADRÓN FISCAL DA TAXA DE RECOLLIDA DO LIXO DE VIVENDAS DO EXERCICIO 2016. EXPTE. 50073/513.

Dáse conta do informe-proposta do 24/05/16, do xefe do servizo de Administración de Tributos, conformado pola directora de Ingresos e en data 31/05/16 polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

“Partindo dos rexistros contidos no Padrón fiscal de recollida de lixo do exercicio fiscal 2015, a Administración de Tributos elaborou o presente padrón fiscal do ano 2016, tendo en conta os seguintes datos:

- Cambios de titularidade introducidos na base de datos catastral ata maio 2016.*
- Cambios de titularidade realizados a partir das autoliquidacións presentadas para os efectos do Imposto sobre Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana.*
- Altas de novas construcións introducidas na base de datos catastral ata maio 2016.*
- Altas realizadas directamente por esta administración tributaria, baseadas nos informes emitidos polo Departamento da Inspección de Tributos, e nas comprobacións e comparativas efectuadas polo Negociado de Lixo de Vivendas.*
- Recursos de reposición interpostos contra recibos e liquidacións do exercicio 2015 e anteriores.*
- Solicitudes presentadas polos cidadáns respecto de exencións e bonificacións.*

Da comparación do número de inscricións deste Padrón Fiscal respecto dos exercicios 2013, 2014, 2015 e 2016 se desprenden as seguintes porcentaxes:

2013	% INC	2014	% INC	2015	% INC	2016
142.113	0,44%	142.732	0,59%	143.579	0,27%	143.979

Así mesmo, da comparativa dos importes totais dos devanditos exercicios fiscais se desprenden os seguintes resultados:

2013	% INC	2014	% INC	2015	% INC	2016
11.418.684,50	0,29%	11.451.951,50	- 0,9690%	11.340.969,10	1,18%	11.474.2 23,08

Á vista do anterior, PROPONSE A CONCELLERÍA DE ORZAMENTOS E FACENDA, en virtude do decreto de alcaldía de 19 de xuño de 2015, e conforme o artigo 63.2 da Ordenanza fiscal xeral A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

1. Aprobado o Padrón fiscal da taxa da recollida do lixo de vivendas do exercicio 2016, por un importe total de 11.474.223,08.- Euros, (ONCE MILLÓNS CATROCENTOS SETENTA E CATRO MIL, DOUSCENTOS VINTETRÉS, CON OITO CÉNTIMOS), que consta de 143.979 inscricións, segundo a relación nominal de suxeitos pasivos que comeza pola inscrición nº 128.839 que figura a nome de D^a MARIA CARMEN FERNANDEZ ABALDE polo obxecto tributario de CM A LATIÑA Nº 12, e remata coa inscrición nº 17.348 que figura a nome de D. JOSÉ MANUEL COLLAZO PIAY polo obxecto tributario de ZARAGOZA 62 6º F.

2. Dar conta a XUNTA DE GOBERNO LOCAL do acordo anterior, de conformidade co citado artigo 63.2 . da Ordenanza fiscal xeral.

3. Proceder á exposición pública durante o prazo de 15 días, producindo esta exposición os efectos de notificación das liquidacións das cotas que figuran consignadas para cada un dos contribuíntes, podéndose interpoñer contra ditos actos recurso potestativo de reposición ante o órgano que aproba este acordo ou ben directamente recurso ante o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó de finalización do período voluntario de pagamento.”

A Xunta de Goberno Local queda informada.

7(587).- RECOÑECEMENTO DE DEREITOS ECONÓMICOS POLA ASISTENCIA A TRIBUNAIS DE SELECCIÓN DE BENEFICIARIOS/AS DA CONVOCATORIA DO “II PLAN DE CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS 2015”, DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. EXPTE. 12382/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 23/02/16 e o informe de fiscalización do 08/03/16, dáse conta do informe-proposta do 13/04/16, do xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, conformado polo concelleiro-delegado de área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

“Antecedentes:

- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 5 de outubro de 2015, adoptou o acordo, de aprobar as BASES PARA A SELECCIÓN DE PERSOAS BENEFICIARIAS DO PROGRAMA DE EMPREGO II PLAN DE CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS 2015 da DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. EXPTE. 12244/77.
- Na base 8 “CONVOCATORIA DE SELECCIÓN DE BENEFICIARIOS/AS.” establece:
 - O concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos por delegación da Xunta de Goberno Local, a proposta do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, poderá:
 - 1. Nomear a Comisión de Selección conforme se establece no punto 11 das presentes bases.

- 2. Baremación dos expedientes persoais/profesionais
 - 3. A Comisión de Selección realizará as entrevistas e/ou probas prácticas aos candidatos e candidatas remitidos polo Servizo Público de Emprego que cumpran con requisitos establecidos nestas bases, aprobadas pola Xunta de Goberno Local.
- Na base 11 “COMISIÓN DE SELECCIÓN”
 - Se abonarán asistencias aos membros da Comisión de selección de personal, na cuantía establecida no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, no seu anexo IV Asistencias por participación en tribunais de oposición ou concurso ou outros órganos encargados de persoal.
 - Con data 20/10/2015 e 21/10/2015, o concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, nomeou aos compoñentes das Comisión de selección, para os seguintes postos:
 - Comisión 1:
 - Selección de Capataz, Oficial Albanel, Oficial Carpinteiro, Oficial Fontaneiro e Oficial Pintor:
 - - Presidente: Francisco J. Gutiérrez Orúe
 - Suplente: M^a Carmen Pazos Area
 - Secretario: Lucio C. Varela Borreguero
 - Suplente: Dolores Hernández
 - Vogais: Alfonso Conde Rodríguez
 - Jose Antonio Comesaña Davila
 - Juan Zaragoza Bastos
 - Suplentes: Francisco José García Soto
 - Manuel E. Marquez Losada
 - Comisión 2:
 - Selección de Oficial Conductor, Oficial Conductor-Palista, Oficial Xardineiro, Peóns forestais:
 - Presidente: Alfonso Berros Pérez
 - Suplente: Francisco J. Gutiérrez Orúe
 - Secretaria: Manuel Xosé Lorenzo Penela
 - Suplente: Gustavo Rodriguez Bartol
 - Vogais: Federico Rodríguez Prieto
 - Guillermo Lorenzo Carrera
 - Purificación Bernardez Martínez
 - Suplentes: Javier Fernández Riveiro
 - Jose M. Sanmartín Cerqueira

- Comisión 3:
 - Selección de Peóns Construción:
 - Presidente: Benjamín Collazo
 - Suplente: Susana García Álvarez,
 - Secretaria: Ramón Hermida-Cachalvite
 - Suplente: Secundino Otero
 - Vogais: Francisco José García Soto
 - Ricardo Solel Vidal
 - Lucía Trillo de Martín-Pinillos
 - Suplentes: Hector Conde Lorenzo
 - Jose M. Barreiro Martínez
- *Rematado o proceso selectivo, os Secretarios dos Órganos de Selección remitiron a este servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, copia das actas nas que se contén a relación de membros do referido órgano de selección xunto ao persoal técnico-administrativo que colaborou na realización das probas selectivas.*
- *O informe foi informado favorablemente o 23/02/2016, polo Secretario de Administración Municipal.*
- *A vista do exposto, de conformidade con previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo e, as actas dos Secretarios dos órganos de selección encargados de xulgar as probas selección para a selección de persoas beneficiarias do “PROGRAMA DE EMPREGO II PLAN DE CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS 2015 da DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA”, que ten como obxectivo facilitar a inserción laboral de colectivos con dificultades, e que foron publicadas na páxina web municipal o no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello, as competencias recollidas no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 18 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, en canto ao réxime dos municipios de grande poboación, e o acordo da Xunta de Goberno Local de data 08/02/2013, de delegación de competencias en materia de persoal e, a Resolución da Alcaldía de 29/07/2014, sométese a consideración do concelleiro-delegado de Xestión Municipal a seguinte:*

O gasto necesario para proceder ao abono das asistencias realizadas de participación en tribunais de selección de personal, na cuantía establecida no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, no seu anexo IV Asistencias por participación en tribunais de oposición ou concurso ou outros órganos encargados de persoal. son de 1.759,46 €, que se executará con cargo a aplicación orzamentaria 241.0.233.00.00 de “Dietas tribunais”.

Os perceptores das asistencias aos tribunais de selección e persoas beneficiarias do “PROGRAMA DE EMPREGO II PLAN DE CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS 2015 da DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA”, son os que deseguido se relacionan e, polo concepto que se expresa:

	CIF	NºPersoal	Asistencias	Asistencias por categoría		Importe asistencia por categoría		TOTAL
				Categoría 2ª	Categoría 3ª	Categoría 2ª	Categoría 3ª	
PRESIDENTE:								
D. Francisco J. Gutiérrez Orúe	13894232R	13920		2	1	85,66 €	39,78 €	125,44 €
D. Benjamín Collazo Rodríguez	36110611J	78894			2		79,56 €	79,56 €
D. Alfonso Berros Pérez	32873182H	78966			1		39,78 €	39,78 €

SECRETARIO:

D. Lucio C. Varela Borreguero	36023156G	17495		2		85,66 €		85,66 €
D. Secundino Otero Failde	76812999Z	21640			2		79,56 €	79,56 €
D. Manuel Xosé Alonso Penela	35999939V	79141			2		79,56 €	79,56 €

VOGAIS:

D. Francisco José García Soto	36029618A	79367			2		73,44 €	73,44 €
D. Alfonso Conde Rodríguez	36045666C	16308		2		79,56 €		79,56 €
D. José Antonio Comesaña Davila	36037654N	15272		2		79,56 €		79,56 €
D. Guillermo Lorenzo Carrera	36019910R	79387			2		73,44 €	73,44 €
Dª Purificación Bernárdez Martínez	36009878C	11950			2		73,44 €	73,44 €
D. Ricardo Soler Vidal	36104951B	79640			2		73,44 €	73,44 €
Dª Lucía Trillo Martín-Pinillos	50808186J	77174			2		73,44 €	73,44 €
D. Juan Zaragoza Bastos	35997115E	17704		2		79,56 €		79,56 €
D. Federico Rodríguez Prieto	36017416Z	13681			2		73,44 €	73,44 €

Prestando asistencia técnico-administrativa, nomeados polos órganos de selección, conforme á base 11 das bases de selección de persoas candidatas a beneficiarias da convocatoria

ASESORES ESPECIALISTAS:

D. Xosé Antonio Muíños Acuña	36074146A	79496		1	1	39,78 €	36,72 €	76,50 €
Dª María Isabel Pérez Rodríguez	36088703R	80819			2		73,44 €	73,44 €
D. Jesús Carballo Magariños	76819393Z	80659			1		36,72 €	36,72 €
D. Antonio Gil González	35994051V	12753			1		36,72 €	36,72 €
D. Juan Antonio Suarez Piñeiro	36035319T	82997			1		36,72 €	36,72 €
Dª Virginia Pereiras Bermejo	78737463E	80769			2		73,44 €	73,44 €
D. Jose Carlos Castro Regueira	35554361H	77221			1		36,72 €	36,72 €
Dª Celia de Monasterio Roldán	36088476G	79132			2		73,44 €	73,44 €
D. Carlos Juncal Gil	52492417T	80835			2		73,44 €	73,44 €
D. Alfonso Conde Rodríguez	36045666C	16308			1		36,72 €	36,72 €
D. Javier Fernández Riveiro	36109352L	77650			1		36,72 €	36,72 €

TOTAL 1.759,46 €

Polo anteriormente exposto se somete á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- 1. Comprometer o gasto de 1.759,46 €, con cargo a aplicación orzamentaria 241.0.233.00.00 de "Diets tribunais".*
- 2. Abonar as cantidades que se indican a continuación aos preceptores que así mesmo se relacionan, polo concepto de asistencias aos tribunais de selección de 36 traballadores do PROGRAMA DE EMPREGO II PLAN DE CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS 2015 da DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA*

PRESIDENTE:	CIF	NºPersoal	TOTAL
D. Francisco J. Gutiérrez Orúe	13894232R	13920	125,44 €
D. Benjamín Collazo Rodríguez	36110611J	78894	79,56 €
D. Alfonso Berros Pérez	32873182H	78966	39,78 €

SECRETARIO:			
D. Lucio C. Varela Borreguero	36023156G	17495	85,66 €
D. Secundino Otero Failde	76812999Z	21640	79,56 €
D. Manuel Xosé Alonso Penela	35999939V	79141	79,56 €

VOGAIS:			
D. Francisco José García Soto	36029618A	79367	73,44 €
D. Alfonso Conde Rodríguez	36045666C	16308	79,56 €
D. José Antonio Comesaña Davila	36037654N	15272	79,56 €
D. Guillermo Lorenzo Carrera	36019910R	79387	73,44 €
D ^a Purificación Bernárdez Martínez	36009878C	11950	73,44 €
D. Ricardo Soler Vidal	36104951B	79640	73,44 €
D ^a Lucía Trillo Martín-Pinillos	50808186J	77174	73,44 €
D. Juan Zaragoza Bastos	35997115E	17704	79,56 €
D. Federico Rodríguez Prieto	36017416Z	13681	73,44 €

ASESORES ESPECIALISTAS:			
D. Xosé Antonio Muñños Acuña	36074146A	79496	76,50 €
D ^a María Isabel Pérez Rodríguez	36088703R	80819	73,44 €
D. Jesús Carballo Magariños	76819393Z	80659	36,72 €
D. Antonio Gil González	35994051V	12753	36,72 €
D. Juan Antonio Suarez Piñeiro	36035319T	82997	36,72 €
D ^a Virginia Pereiras Bermejo	78737463E	80769	73,44 €
D. Jose Carlos Castro Regueira	35554361H	77221	36,72 €
D ^a Celia de Monasterio Roldán	36088476G	79132	73,44 €
D. Carlos Juncal Gil	52492417T	80835	73,44 €
D. Alfonso Conde Rodríguez	36045666C	16308	36,72 €
D. Javier Fernández Riveiro	36109352L	77650	36,72 €

1.759,46 €

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(588).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN DE AMAS DE CASA E CONSUMO “AGARIMO” PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO E ALUGUER DO LOCAL SOCIAL, NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE PARA DO ANO 2016. EXPTE. 7344/320.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 09/05/16 e o informe de fiscalización do 24/05/16, dáse conta do informe-proposta do 30/05/16, do xefe do servizo, conformado polo concelleiro-delegado de Participación Cidadá e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

“ANTECEDENTES

Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo do 28/01/2016, D^a Ana María Gil Lodeiro, en calidade de presidenta da Asociación de Amas de Casa e Consumo "Agarimo" (CIF: G-36821817), achegou, a través do documento co núm. 160010039 de entrada no Rexistro Xeral, a solicitude de celebración dun convenio de colaboración co

Concello de Vigo, para o financiamento dos gastos de mantemento e aluguer do local social da asociación, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade para o 2016, en concreto, para as levadas a cabo entre o 01/01/2016 e o 31/10/2016.

Segundo certificación da secretaria da entidade, de data 21/01/16, e conforme ao art. 30.2 dos seus estatutos, será a presidenta, Dona Ana María Gil Lodeiro a persoa responsable de "representar á asociación perante calquera organismo público ou privado", polo tanto para a sinatura do convenio.

Con data 09/05/2016, o Secretario da Administración Municipal emitiu informe xurídico favorable á proposta de convenio.

Asemade, o expediente foi fiscalizado favorablemente polo servizo de Intervención con data 24/05/2016. Non obstante, no informe económico se indica que, con carácter previo ao sometemento do expediente á Xunta de Goberno Local, deberá procederse a eliminar o último inciso da cláusula décimo segunda do texto do convenio que presenta a seguinte redacción:

"Xustificaranse os gastos polos conceptos solicitados: os gastos subvencionados teñen carácter finalista, polo que, non se admite compensación ou substitución por outros conceptos diferentes aos consignados na solicitude de subvención. Por outra banda, por tratarse de gastos estimados, difíciles ou imposibles de concretar no momento da solicitude, admítense variacións nos importes dos gastos previstos no presuposto, sempre e cando, se manteñan os conceptos solicitados, non se desvirtúe substancialmente o proxecto e, en conxunto, o importe total dos gastos xustificados iguale ou supere o custe total do proxecto."

Quedando redactada do xeito que se expón de seguido:

"Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no ano 2016, no período comprendido entre o 01/01/16 e o 31/10/16."

Deste xeito foron incorporadas as correccións propostas polo servizo de Intervención.

Por último, o técnico, que subscribe da traslado, para o seu coñecemento, das conclusións expostas polo servizo de Intervención no seu informe, en relación co carácter excepcional desta forma de concesión de subvención.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

COMPETENCIA MUNICIPAL

Un dos principais obxectivos da Lei 27/2013 é clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias de outras Administración de forma que se faga efectivo o principio "unha Administración unha competencia". Polo que as Entidades Locais no deben volver asumir competencias que non lles atribúe a Lei e para as que non contén co financiamento adecuado.

O artigo 25 da LRBL non fai ningunha referencia á actividade de fomento ou subvencional, como competencia propia municipal nin se trata, tampouco, dunha competencia delegada, polo que, para a correcta análise da competencia municipal sobre esta materia, debemos acudir á normativa autonómica aprobada como consecuencia da entrada en vigor da Lei

27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, é dicir, á Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes, na que se regula o exercicio de competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación. Si ben o artigo 3.1 da devandita norma dispón que o exercicio de novas competencias polas entidades locais que fosen distintas das atribuídas como propias pola lexislación, e cuxo exercicio non se encontrase delegado, só será posible cando non se poña en risco a sostibilidade financeira do conxunto da Facenda Municipal e de conformidade cos requirimentos da lexislación sobre estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira, engade, no apartado 3º do mesmo precepto, que non se entenderá como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.

Deste xeito, podemos concluír que a tramitación deste expediente non supón o exercicio dunha nova competencia por canto se veñen realizando, en anos anteriores, convocatorias de subvencións para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá, así como, convenios formalizados coa finalidade de coadxuvar ao financiamento dos gastos de mantemento de diversas asociacións, e así, atopamos os seguintes antecedentes mais inmediatos de convenios subscritos coa mesma entidade en anos precedentes:

1. Ano 2015: Expte. Núm. 6975/320
2. Ano 2014: Expte. Núm. 6576/320
3. Ano 2013: Expte. Núm. 6044/320
4. Ano 2012: Expte. Núm. 5767/320
5. Ano 2011: Expte. Núm. 5142/320
6. Ano 2010: Expte. Núm. 4622/320
7. Ano 2009: Expte. Núm. 3977/320
8. Ano 2008: Expte. Núm. 3464/320

RÉXIME XURÍDICO DAS SUBVENCIÓNS E ÓRGANO COMPETENTE PARA A RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO

No proceso de outorgamento, xestión, pago e fiscalización de subvencións públicas deben tomarse en consideración un conxunto de normas que se poden sistematizar do xeito que se expón no primeiro apartado deste informe. Polo que se refire ás normas específicas das subvencións, o artigo 5 da LXS, dispón que as subvencións rexeranse por esta lei e as súas disposicións de desenvolvemento, e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, se lle aplicarán as normas de dereito privado.

Deste xeito, a concesión das subvencións obxecto deste convenio, rexeráse polas súas Bases reguladoras, pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do estado en materia de réxime local, a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006, as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

No caso concreto do Concello de Vigo, dado que pertence á categoría dos municipios de gran poboación regulados no Título X da LRBRL, en virtude do disposto no art. 124.4.n) e ñ), correspóndelle ao Alcalde a autorización e disposición de gastos en materia da súa competencia (...) e as demais que lle atribúan as leis e aquelas que a lexislación do Estado

ou das Comunidades Autónomas asignen ao municipio e non se atribúan a outros órganos municipais.

Non obstante o anterior, esta competencia foi obxecto de delegación na Xunta de Goberno Local, en virtude de resolución de Alcaldía de data 13 de xuño de 2011, que no seu apartado 1.1.e), dispón que lle corresponderá ao devandito órgano a “aprobación das bases reguladoras para a concesión de calquera tipo de subvención ou axudas municipais destinadas ao fomento de actividades de utilidade pública ou interese social, así como á resolución dos procedementos incoados”. Por último, en virtude do disposto no apartado 4.17º da resolución da Alcaldía de data 19/06/2015, se delegou nos concelleiros propoñer á Xunta de Goberno Local a aprobación das bases específicas reguladoras da concesión de calquera tipo de subvención ou axuda municipal destinada ao fomento das actividades de utilidade pública ou interese social, así como a proposta de resolución dos expedientes incoados.

MODALIDADE DA AXUDA: CONCESIÓN DIRECTA. A BENEFICIARIA

Segundo o disposto no artigo 22.2.a) la Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente no orzamento da entidade local. No mesmo senso que o anterior, o artigo 65 do Real Decreto 886/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións, sinala que, son subvencións previstas nominativamente nos Presupostos das Entidades Locais, aquelas cuxo obxecto, dotación presupostaria e beneficiario aparecen determinados expresamente no estado de gastos do presuposto.

Deste xeito, o vixente exercicio presupostario (2016) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión extraordinaria do 09/12/2015, inclúe expresamente a partida 9240 4890006 “Convenio Asociación Agarimo”, cunha dotación de 13.000,00 €.

Por outra banda, o artigo 26.1 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, sinala que os convenios serán o instrumento habitual de canalización das subvencións previstas nominativamente, polo que esta é a forma proposta que adoitará a subvención obxecto deste expediente.

Polo que se refire á beneficiaria, consultado o arquivo do servizo de Participación Cidadá, a Asociación de Amas de Casa e Consumo “Agarimo”, figura inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co nº 519/97, segundo Decreto de Alcaldía de data 16/05/97.

OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar na colaboración co tecido asociativo da cidade, establece esta canle de cooperación necesaria coa Asociación de Amas de Casa e Consumo “Agarimo” para subvencionar os gastos de mantemento e aluguer do local social, necesarios para levar a cabo as actividades sociocomunitarias, sociosanitarias, culturais e formativas, programadas pola entidade para o período comprendido entre o 01/01/16 e o 31/10/16, en definitiva, para o fomento das súas actividades.

Segundo recolle os arts. 3 e 4 dos Estatutos da Asociación de Amas de Casa e Consumo “Agarimo”, entre os fins e actividades da entidade, de interese para a cidadanía viguesa, encóntranse:

- Fomentar o asociacionismo das persoas.

- *Impulsar e defender os intereses das amas de casa e dos consumidores en xeral, par a súa defensa.*
- *Representar aos/as asociados/as ante organismos oficiais ou privados, en defensa dos seus intereses.*
- *Estudar os problemas que poidan xurdir dentro do seu ámbito de actuación, abrindo os canles necesarios para as posibles solucións dos mesmos.*
- *Organizar, dentro das súas posibilidades, cantos servizos de asistencia, asesoramento e formación requiran os seus membros.*
- *Organizar conferencias, coloquios, cursos e outras actividades afíns.*
- *Difundir as publicacións que sobre os temas da asociación se publiquen polos distintos organismos, etc.*

Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovela activamente.

Desta vontade común entre o Concello e a Asociación nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflectan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.

CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA

O vixente exercicio presupostario (2016) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión extraordinaria do 09/12/2015, inclúe expresamente a partida 9240 4890006 "Convenio Asociación Agarimo", cunha dotación de 13.000,00 €.

DOCUMENTACIÓN

A Asociación de Amas de Casa e Consumo "Agarimo", seguindo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38ª.9 das BEP, acredita, documentalmente, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

- 1. Certificados de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:

 - *Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 14/04/16*
 - *Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 14/04/16*
 - *Seguridade Social, de data 14/04/16*
 - *Concello de Vigo, de data 26/04/16**
- 2. Declaración responsable da presidenta da entidade, de data 28/01/16, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias do artigo 13 da LXS, así como, de non ser debedora, por resolución, de procedencia de reintegro.*

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

- 1. Solicitude expresa da correspondente Xunta Directiva para o inicio do convenio e nomeamento da persoa responsable da sinatura do convenio (anexo I).*
- 2. Declaración responsable e autorización (anexo II).*
- 3. Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo III).*
- 4. Certificación bancaria do número de conta da entidade ou asociación.*

5. Contrato de aluguer do local social (só no suposto de locais alugados).

6. Información explicativa do desenvolvemento do programa de actividades propostas para a súa inclusión nas cláusulas do convenio, que inclúa entre outros:

- a) Fundamentación, obxectivos e metas
- b) Descrición da actividade, datas de inicio e finalización, participantes asistentes
- c) Lugar de realización
- d) Medios de difusión, información e publicidade (incluído o patrocinio da Concellaría)
- e) Recursos humanos e materiais
- f) Sistemas de avaliación, etc.

7. Proxecto de actividades da entidade para o ano 2016, para cuxo desenvolvemento, o Concello de Vigo colabora no financiamento dos gastos de aluguer e mantemento do seu local social, realizados entre os meses de xaneiro a outubro (ámbolos dous incluídos). O orzamento de gastos de mantemento que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:

ORZAMENTO DE GASTOS DE MANTEMENTO (01/01/16-31/10/16)	
Aluguer local	12.700,00 €
Subministrados auga e enerxía eléctrica	840,00 €
TOTAL	13.540,00 €

Coa achega desta documentación, a asociación cumpre, así mesmo, co disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de 26/03/92, modificado por acordo de data 31/03/93.

ANTICIPO

Atendendo ao disposto na Base da execución do presuposto nº 38.7, poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e as necesidades financeira dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado.

O citado precepto, na redacción dada ao mesmo pola Lei 12/2014, de 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, dispón que, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando houberen solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento ou se encontren declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial, ou sexan inhabilitados conforme a Lei 22/2003, de 9 de xullo, concursal, sen que concluíra o período de inhabilitación previsto na sentenza de cualificación do concurso.

Por este motivo, no momento da solicitude de anticipo, a beneficiaria deberá achegar declaración responsable, de non incorrer en ningunha das prohibicións ou circunstancias deste precepto.

PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN POLA BENEFICIARIA E FORMA DE PAGO

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do presuposto, no apartado 38ª.4.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.

Aínda que o convenio despreza a súa vixencia no período comprendido entre a data da súa sinatura e o 31 de outubro de 2016, son gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 01/01/16 e o 31/10/16, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo co art. 31.3 da LSG.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o 2 de novembro de 2016.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

A conta xustificativa presentarase en calquera dos lugares previstos no art. 38.4 da Lei 30/92, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

O pago da subvención obxecto deste convenio, se realizará, conforme o artigo 34.3 da LXS, previa a xustificación polo beneficiario, da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se lle concedeu nos termos establecidos na normativa reguladora da subvención, producíndose a perda do dereito ao cobro no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da mesma Lei e a Base 38ª.8 das BEP.

A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES 55 2080 0552 013040004976 (ABANCA), segundo código de conta cliente de data 18/01/2016, emitido pola entidade bancaria.

NOTIFICACIÓN E PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN

A teor do disposto no art. 24 da LSG, a resolución que se adopte notificaráselle á entidade interesada, de acordo co previsto no art. 58 da Lei 30/1992, de RXAP e PAC.

O convenio de colaboración se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa nos presupostos.

RESOLUCIÓN E RÉXIME DE RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, as poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fora expreso ou, se non o fora, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Á vista do exposto, de conformidade co art. 20.2 da Lei 9/2007, 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e art. 124, apartados 4º e 5º, da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o apartado 4.18º da Resolución de delegacións do alcalde de data 19/06/2015, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. - AUTORIZAR o gasto por importe de 13.000 € (trece mil euros), con cargo á partida presupostaria nominativa nº 9240.4890006, denominada "Convenio Asociación Agarimo", incluída no vixente orzamento municipal.

SEGUNDO. - APROBAR o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Asociación de Amas de Casa e Consumo "Agarimo" (CIF.- G-36821817), cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas pola entidade para o período comprendido entre o 01/01/16 e o 31/10/16, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos de mantemento e aluguer necesarios para o seu desenvolvemento e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, CONDECER á referida entidade, unha subvención de 13.000 € (trece mil euros).

TERCEIRO. - NOTIFICAR o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e 58 da Lei 30/92, de RXAP e PAC, con indicación expresa de que, contra o mesmo, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos arts. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC e arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE AMAS DE CASA E CONSUMO "AGARIMO" PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO E ALUGUER, NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE PARA ANO 2016

En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, ----- de dous mil dezaseis

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF: P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D^a Ana Gil Lodeiro, con DNI 35984887F, en calidade de Presidenta da "Asociación de Amas de Casa e Consumo - Agarimo" (CIF: 36821817), con domicilio social na Rúa San Xosé, 22- baixo (esquina Travesía de Vigo, 46), de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 7344/320.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

MANIFESTAN

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, Texto refundido en materia de Réxime Local, RD 2568/1986 de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, festivas, culturais, educativas, sanitarias, etc. inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociocomunitario que redundan no beneficio da cidadanía.

II.- Que o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento da educación sanitaria dos consumidores e empresarios en materia de consumo e de hixiene alimentaria, medidas que se complementan co apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de proporcionar colaboración as organizacións sen ánimo de lucro orientadas a educación e formación no ámbito do

consumo do termo municipal, sendo a Asociación de Amas de Casa e Consumo "Agarimo" unha das máis importantes asociacións de consumidores e usuarios de Vigo.

III.- Que a entidade "Asociación de Amas de Casa e Consumo Agarimo", de conformidade cos arts. 3 e 4 dos seus Estatutos, asume entre os seus fins e actividades, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- ✓ Fomentar o asociacionismo das persoas.
- ✓ Impulsar e defender os intereses das amas de casa e dos consumidores en xeral, par a súa defensa.
- ✓ Representar aos/as asociados/as ante organismos oficiais ou privados, en defensa dos seus intereses.
- ✓ Estudar os problemas que poidan xurdir dentro do seu ámbito de actuación, abrindo os canles necesarios para as posibles solucións dos mesmos.
- ✓ Organizar, dentro das súas posibilidades, cantos servizos de asistencia, asesoramento e formación requiran os seus membros.
- ✓ Organizar conferencias, coloquios, cursos e outras actividades afíns.
- ✓ Difundir as publicacións que sobre os temas da asociación se publiquen polos distintos organismos, etc.

IV.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo Decreto de Alcaldía de data 16/05/97, a "Asociación de Amas de Casa e Consumo Agarimo" atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 519/97.

V.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a Asociación de Amas de Casa e Consumo "Agarimo" leve a cabo os proxectos e actividades sociocomunitarias, culturais e formativas planificadas para o ano 2016, en particular, as realizadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de outubro de 2016, segundo memoria achegada, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos de mantemento necesarios para o seu desenvolvemento.

VI.- Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal, a partida orzamentaria nº 9240.4890006, denominada "Convenio Asociación Agarimo", nominativa a favor da entidade, con unha consignación presupostaria de 13.000 €.

VII.- As actividades programadas pola Asociación de Amas de Casa e Consumo "Agarimo" para o 2016, que fundamentan a concesión da subvención para o financiamento dos gastos de mantemento e aluguer do local social da entidade, son, con carácter xeral, segundo proxecto incorporado ao expediente:

- Charlas/coloquios/conferencias informativas sobre diferentes temas: "¿Qué es la Felicidad?", e seguridade vial.
- Celebración do Día Internacional da Muller coa charla-coloquio "Mulleres no Século XXI", e a asistencia ao espectáculo de "Cristian Music Hall".
- Actuacións da coral da asociación ao longo do ano 2016.
- Participación da coral no 10º festival de "Habaneiras" e no Festival de ACOPOVI (IFEVI) e no "Mar de Corais".

- Representacións diversas do grupo de teatro da asociación.
- Visita/excursións: Oporto, O Grove, Viena e Slovenia, A Coruña, Illas Cíes...
- Cursos: teatro, ximnasia de mantemento, bailes de salón, pilates, avellentamento activo, adestramento da memoria, manualidades, encaixe de bolillos, tapicería e patchwork, risoterapia e manualidades de pintura.
- Entroido- baile disfraces.
- Xantar de convivencia.

VIII.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é contribuír aos gastos de mantemento da asociación necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade programadas para o ano 2016, cuxa contía total, segundo orzamento de gastos achegado, é o que se reflicte a seguir:

ORZAMENTO DE GASTOS DE MANTEMENTO (01/01/16-31/10/16)	
Aluguer local	12.700,00 €
Subministrados auga e enerxía eléctrica	840,00 €
TOTAL	13.540,00 €

IX.- Que a entidade Asociación de Amas de Casa e Consumo "Agarimo" non incorre en ningunha das circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, e non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, segundo resulta das certificacións e declaracións responsables incorporadas ao expediente.

X.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, público e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade Asociación de Amas de Casa e Consumo "Agarimo", o Concello de Vigo e a devandita asociación conveñen a súa colaboración, nos ámbitos sociocomunitario e sociosanitario, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A entidade "Asociación de Amas de Casa e Consumo Agarimo" comprométese a colaborar coa concellaría de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:

1. Levar a cabo as actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente.
2. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.

3. *Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.*
4. *Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.*
5. *Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria final xunto á correspondente memoria económica, nos termos sinalados no pacto noveno deste convenio, así como, o balance económico anual.*
6. *Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.*
7. *Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar canta información e documentación se lle solicite ao efecto.*
8. *Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. *Conceder directamente á entidade "Asociación de Amas de Casa e Consumo Agarimo" unha subvención por importe de 13.000 € (trece mil euros), con cargo a partida orzamentaria nº 9240.4890006, denominada "Convenio Asociación Agarimo", do vixente orzamento municipal, co obxecto de colaborar ao financiamento gastos de mantemento e aluguer do local da asociación, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade entre o 01/01/16 e o 31/10/16, en definitiva, para o fomento das mesmas.*
2. *Respectar a estrutura organizativa da "Asociación de Amas de Casa e Consumo Agarimo".*
3. *Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.*

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. *Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.*
2. *Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto oitavo, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no seu caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.*
3. *Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.*
4. *Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.*

Terceiro.- En virtude del art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fóra deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

Sexto.- A presente subvención non está suxeita aos requisitos de publicidade recollidos no art. 18.3.a) da Lei Xeral de Subvencións, ao tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa nos orzamentos municipais.

Sétimo.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e as necesidades financeiras dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado, tal e como se establece na cláusula novena deste convenio.

Será requisito necesario que a entidade acredite non incurrir en ningún dos supostos do art. 31.6 LSG.

De conformidade co art. 42.2.d) e ss. do RD 887/06, neste caso, se exonera á Asociación de Amas de Casa e Consumo Agarimo da obriga de constitución de garantías, dado o carácter social do proxecto subvencionado, e a natureza de entidade non lucrativa da beneficiaria.

Oitavo.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal nas actividades subvencionadas, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocará, en lugar preferente da

sede social da entidade, un cartel publicitario, anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación do 2016.

Noveno.- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola Asociación de Amas de Casa e Consumo "Agarimo" mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o 2 de novembro de 2016.

A conta xustificativa da subvención outorgada conterà a seguinte documentación e información:

a) *Solicitud de abono da subvención.*

b) *Memoria descriptiva das actuacións realizadas xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:*

- 1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.*
- 2. Datas e lugar de celebración.*
- 3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.*
- 4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes e do monitor/a cos seus apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.*
- 5. Actuacións realizadas.*
- 6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.*
- 7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación.*
- 8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.*
- 9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública da colaboración municipal no financiamento.*

c) *Unha memoria económica, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.*

A parte do gasto do proxecto ou actividade non subvencionada xustificarse con copias de facturas, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse orixinais que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- os documentos xustificativos orixinais achegados poderán devolverse á beneficiaria, previa solicitude por escrito no momento da súa presentación, en cuxo caso, e para posibilitar o control da concorrencia das subvencións, serán validados e compulsados polo servizo xestor, mediante selo existente ao efecto, no que se fará constar a subvención para cuxa xustificación foron presentados, indicando o porcentaxe do mesmo que se imputa á subvención
- os gastos realizados acreditaranse mediante facturas que inclúan todos os elementos legalmente esixidos
- os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (art. 6 RD 1619/2012), considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base imponible, tipo do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención
- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos.
- en ningún caso, os orixinais poderán ser substituídos por copias compulsadas nin se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- se ben a sinatura e selo da entidade emisora da factura non son circunstancias especificadas na normativa de facturación como condición obrigatoria, dado o seu carácter de elementos probatorios da orixinalidade e procedencia da factura, será aconsellable que as facturas veñan asinadas e seladas polo provedor
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...)
- de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente
- para considerar debidamente acreditados os custes salariais correspondentes a gastos de persoal, deberán acompañarse copias do contrato de traballo, nóminas correspondentes asinadas polo perceptor e pagadas, Modelo 111, de autoliquidación de retencións e ingresos a conta do IRPF do trimestre correspondente, coas respectivas acreditacións bancarias de pago, así como, tc2 (relación nominal de traballadores) e tc1 (recibos de liquidación de cotizacións á Seguridade Social) acompañados dos correspondentes comprobantes de pago. Así mesmo, achegarase fotocopia do contrato de traballo
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención

- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse os gastos acreditados deducido o IVE
- o IRPF será subvencionable cando se acredite que se practicou a pertinente retención, e que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención
- cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento
- cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado ou, no seu caso, recibo de pagamento.

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando as correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria acreditará estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro. Porén, non será necesario presentar novas certificacións ao respecto se as obrantes no expediente de concesión seguen vixentes conforme ao art. 23.3 do RLXS.

g) Declaración responsable do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 la Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.

h) No caso de solicitar un anticipo, declaración responsable de non incorrer en ningunha das prohibicións o situacións do art. 31.6 LSG.

i) Acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellaría de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, en cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

Décimo.- A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES55 2080 0552 01 3040004976 (ABANCA).

Décimo primeiro.- Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Décimo segundo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no ano 2016, no período comprendido entre o 01/01/16 e o 31/10/16.

Décimo terceiro.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos. O xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo quinto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sexto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo sétimo.- A entidade beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais, de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do

presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos do Concello de Vigo.

Décimo oitavo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Décimo noveno.- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Vixésimo.- O presente convenio terá vixencia dende a data da súa sinatura ata o 31 de outubro de 2016, sen prexuízo do disposto para o prazo de xustificación e para o período de imputación dos gastos subvencionables.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por cuaduplicado exemplar, en Vigo, ---- de ----- de 2016.

*Polo Concello de Vigo:
O Alcalde,*

Abel Caballero Álvarez

*Pola Asociación de Amas de Casa e Consumo
"Agarimo":
A presidenta,
Ana Gil Lodeiro*

9(589).- RECLAMACIÓN ADMINISTRATIVA PREVIA Á XURISDICIÓN LABORAL POR RECOÑECIMENTO DE DEREITO E CANTIDADES DA CATEGORÍA DE XEFA DE NEGOCIADO. EXPTE. 27760/220.

Dáse conta do informe-proposta do 09/06/16, da técnica de Admon. Xeral de RRHH, conformado pola xefa da área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal:

"ANTECEDENTES

I. Con Rexistro de entrada de data 26/02/2016 dona Marina Aurora Davila Crespo (DOC. 160023329), achega escrito interpoñendo reclamación administrativa previa á xurisdición laboral por recoñecemento de dereito e cantidades, solicitando que se lle recoñeza a categoría de xefa de negociado, grupo C1, CD 22 e CE 313 e se lle abonen as diferencias salariais, entre as percibidas pola categoría de auxiliar de servizos internos e as que tería que ter percibido polas funcións realmente realizadas coas de xefa de negociado, na Oficina administrativa de Montes, Parques e Xardíns, da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras, cuxo importe ascende a 14.695,30 €, dende o 1 de xaneiro de 2014 ao 31 de xaneiro de 2016, así coma as que se devenguen a partir do 01/02/2016, todas elas incrementadas cos xuros de mora do artigo 29.3 do ET.

II. Requirido informe á Xefatura do Servizo, con data 07/03/2016 o xefe de servizo de Parques e Xardíns emite informe.

III. Con data 13/05/2016 a técnica de Formación e Avaliación emite o seguinte informe:

"Con data de entrada no Rexistro Xeral 26/02/2016 (Doc 160023329), a empregada municipal D^o Marina Aurora Davila Crespo, con DNI 36049214-A e N.P 22830 interpone reclamación previa na demanda por recoñecemento de dereito e cantidades pola que solicita o recoñecemento da categoría de xefe de negociado así como aboamento das diferencias retributivas entre o posto ao que se atopa adscrita e o de xefe/a de negociado (Grupo de titulación C1, CD 22-CE 313) polo período comprendido entre 01/01/2014 ata o 31/01/2016, ao que se deba engadir os intereses moratorios do art 29.3 do Estatuto dos Traballadores.

En relación coa reclamación previa na demanda por recoñecemento de dereito e cantidades presentada , solicítase informe a xefatura do servizo, informándose en data 07/03/2016, o seguinte:

Asunto: (Doc. 160023329) Informe sobre reclamación previa en materia de recoñecemento de dereito e cantidades presentada por Marina A. Davila Crespo

En relación ao asunto de referenciaponse de manifesto que o día 8 de febreiro de 2012, esta xefatura remitiu a ese servizo comunicación dando conta da situación de carga de traballo existente na oficina administrativa deste servizo, sen dispor de 1 Xefe de Negociado nin 1 Administrativo, polo que estas funcións recaían sobre os 2 únicos auxiliares de servizos internos adscritos ao servizo. (Achégase copia).

Debido as carencias comunicadas, a mencionada traballadora ven desenvolvendo tarefas de entidade superior as da súa categoría por razóns de necesidade do servizo, motivada tanto pola importante carga de traballo como pola falta dun organigrama administrativo axeitado a xestión que se realiza a diario nesta unidade, así como as necesidades que se orixinan debido a peculiaridade do departamento que posúe persoal adscrito en dependencias exteriores (Viveiros do Castro e Parque de Castrelos) e que xeran unha carga importante de traballo administrativo que tamén se asume desde esta oficina.

Deste xeito, relaciono a continuación algunhas das funcións que a traballadora leva a cabo de maneira continuada ademais das propias súa categoría profesional:

Realización de informes e informes- propostas de resolución e aprobación dos expedientes administrativos.

Control do cumprimento dos prazos legais aplicables aos procedementos administrativos dos expedientes do servizo

Manter actualizada a información en canto ao procedemento da tramitación administrativa.

Atención e información ao público no referente aos temas do servizo, tanto de xeito presencial, telefónico como a través de mail.

Xestión das comunicacións a través do correo electrónico corporativo do servizo.

Tramitación desde o seu inicio de expedientes de subministro, servizo e obras, onde realiza todo o proceso: localización de empresas provedoras de materiais ou servizos, petición e análise de orzamentos e coordinación incluso da entrega de materiais no caso das adquisicións e control da súa execución cando se trata dun servizo, nos expedientes de obra ademais de solicitude de orzamentos, elaboración de memorias, etc. realiza as actas de replanteo, comprobación do replanteo e recepción así como as certificacións tanto parciais como finais.

Seguimento de stocks de repostos e diversos materiais necesarios nas labores do mantemento de zonas de competencia do departamento, comunicando a esta xefatura as necesidades que se xeran e propoñendo a tramitación do expediente oportuno.

Seguimento das reparacións de maquinaria, análise e comparativa de orzamentos, comunicación coas distintas empresas provedoras destes servizos, resolvendo as continxencias que se orixinen.

Tramitación de calquera tipo de permiso, licenza, vacacións, horas extras, etc, así como a recepción dos xustificantes, partes de alta, baixa ou confirmación e a elaboración de partes de accidente do persoal adscrito ao servizo.

Control do gasto das partidas orzamentarias do servizo.

Control e trámite das facturas derivadas da xestión do presuposto, tanto ordinario como de inversións do departamento.

Tramitación administrativa dos expedientes, solicitudes, reclamacións, documentación, do departamento.

Rexistro, recepción e tramitación dos documentos de entrada no departamento, procedendo a informar e despachar con esta xefatura os temas según orde de urxencia e derivando a documentación obrante e debidamente dilixenciada as distintas seccións do departamento según a súa natureza (inspección, departamento técnico, concellería, viveiro municipal do Castro, parque de Castrelos) ou, remitindo según proceda, as empresas concesionarias dependentes do servizo, departamentos municipais, institucións, empresas provedoras, asociacións, administrados, etc.

Controlar os prazos de execución dos expedientes, velando pola súa correcta clasificación e custodia.

Tramitación dando traslado según corresponda as empresas concesionarias (mantemento de zonas verdes, parques infantís e parques forestais) das queixas, deficiencias e suxerencias que chegan ao servizo por diferentes vías (teléfono, de maneira presencial, a través do rexistro, 010etc). e que selecciona e comunica procedendo posteriormente a realizar as dilixencias oportunas en función da urxencia.

Resolución de pequenos imprevistos relacionados co servizo en canto a materiais, persoal, etc.

Instrúe, coordina e supervisa o cumprimento do traballo encomendado.

Esta xefatura reitérase no manifestado no seu momento e fai constar que a situación a día de hoxe é máis precaria debido a que desde o día 11/11/2015 o outro auxiliar de servizos internos atópase de baixa, polo que a totalidade da xestión administrativa deste servizo, recae na única auxiliar de servizos internos do departamento que está desempeñando todas as funcións necesarias incluída a acumulación de funcións pola baixa mencionada. “

Realizada comparativa entre as funcións descritas no informe da xefatura do Servizo e as aprobadas pola Xunta de Goberno Local en data 21/05/2009 para o posto tipo “Xefe/a de negociado/Xefe/a de oficina administrativa” atopase que a empregada municipal D^a Marina Aurora Davila Crespo esta a desenvolver algunhas das funcións correspondentes ao posto tipo mencionado, por exemplo as seguintes

Realizar informes e propostas de resolución de expedientes administrativos cando pola súa natureza non estean atribuídos a un técnico.

. Vixiar polo cumprimento dos prazos legais aplicables a cada un dos procedementos administrativos dos expedientes que se tramiten no seu negociado/oficina administrativa

Atención e información pública nas materias do seu servizo, sempre que pola súa natureza non correspondan a un técnico ou non podan ser dadas polo persoal ó seu cargo.

Responsabilizarse e efectua-la tramitación administrativa dos expedientes, solicitudes, reclamacións, ordenanzas, liquidacións e recursos relativos ó negociado/oficina administrativa, ben directamente ou a través do persoal ó seu cargo.

Tramitar os expedientes de Gasto e Ingreso da Unidade, de conformidade coas instruccións e procedementos legalmente establecidos e acordos que poda adoptar a Corporación Municipal.

Por outra banda o desempeño de funcións de categoría superior ten que axustarse ao procedemento establecido nas vixentes Instruccións sobre plantilla e cadro de persoal, anexas á vixente Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello de Vigo, publicadas no BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010.

Nas mesmas, a Instrucción terceira establece expresamente que retribuiranse en concepto de produtividade, entre outros supostos:

O especial rendemento derivado do desempeño dun posto de categoría superior, por ausencia de su titular con dereito a seguir percibindo as súas retribucións, sempre que a súa duración sexa superior a un mes polo importe da diferenza de nivel de complemento de destino e complemento específico entre os dous postos. A estos efectos as vacacións consideraranse sempre como dun mes, independentemente da súa duración.

Tamén deberá ser autorizado expresamente pola Alcaldía ou Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal a proposta motivada e xustificada do Xefe do Servizo co conforme do Concelleiro/a delegado/a da Area

A súa duración deberá ser superior a 1 mes, tendo como límite o 31 de decembro de cada ano, debéndose proceder polas xefaturas dos servizos ás oportunas redistribucións das tarefas entre os efectivos adscritos ao mesmo ou ben á resignación ou mobilidade funcional de efectivos..

En ningún caso se tramitarán ni autorizarán encomendas verbais realizadas polos xefes da área ou servizos ou polos concelleiros-delegados, sen que exista a petición previa do servizo e o correspondente informe xustificativo.

A realización terá carácter voluntario e deberá existir o compromiso do interesado para realizar as tarefas encomendadas.

O Xefe do Servizo deberá dar conta ao Servizo de Recursos Humanos da finalización da substitución no mesmo día no que se produza."

Polo tanto, en canto ao obxecto da reclamación previa en materia de clasificación profesional e diferencias salariais que conforma o fondo do asunto, debe considerarse que o desempeño de funcións de categoría superior ten que axustarse ao procedemento establecido nas vixentes Instrucións sobre plantilla e cadro de persoal, anexas á vixente Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello de Vigo, publicadas no BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010."

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- RECLAMACIÓN PREVIA Á VÍA XURISDICCIONAL LABORAL:

O artigo 125 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada por Lei 4/1999, establece a obrigatoriedade de esgotamento da vía administrativa previa ao exercicio de accións en vía xurisdiccional laboral. Igualmente, o Real Decreto Lexislativo 2/1995, do 7 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Procedemento Laboral, contempla nos seus artigos 63 a 73 –ambos inclusive– a obriga de exercitar a reclamación administrativa previa con anterioridade ao exercicio de vía laboral.

Dado que o obxecto da reclamación non versa sobre as materias expresamente excluídas contida no artigo 70 da mesma norma, procede en consecuencia admitir a trámite a mesma, con pronunciamento expreso sobre a súa admisibilidade ou inadmisibilidade.

II. ALEGACIÓNS:

A interesada, en síntese, manifesta: que é persoal laboral fixo que ven prestando os seus servizos coa categoría de peón de servizos exteriores dende o 11/06/1991; que por decreto do 08/07/1998 ordenouse que a interesada, con categoría de peón realizase provisionalmente tarefas administrativas na oficina do servizo, en tanto a Unidade de Persoal non proceda a destinar ao servizo de Montes, Parques e Xardíns ao persoal administrativo que se encargue das mesmas; que dende xaneiro de 2004 ata a data desempeñou funcións coa categoría de auxiliar de servizos internos, pertencente ao Grupo C2, CD 16 e CE 166; que dende 2012 realiza funcións correspondentes á categoría de xefe de negociado pertencente ao Grupo C1, CD 22 e CE 313; e, finalmente, solicita que se lle recoñeza a categoría de xefa de negociado, grupo C1, CD 22 e CE 313 e se lle abonen as diferencias salariais, entre as percibidas pola categoría de auxiliar de servizos internos e as que tería que ter percibido polas funcións realmente realizadas de xefa de negociado, na Oficina administrativa de Montes, Parques e Xardíns, da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras, cuxo importe ascende a 14.695,30 €, dende o 1 de xaneiro de 2014 ao 31 de xaneiro de 2016, así coma as que se devenguen a partir do 01/02/2016, todas elas incrementadas cos xuros de mora do artigo 29.3 do ET.

III. RECOÑECIMENTO DE CATEGORÍA SUPERIOR:

O réxime do persoal ao servizo das Entidades Locais, estrutúrase nun sistema de corpos, escalas e clases (reflectido nos artigos 167 a 177 do Real Decreto 781/1986, do 18 de abril), ao cal non pode ser alleo o persoal laboral, que ten a categoría de empregado público, segundo dispón o artigo 8 da Lei 7/2007, do 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP).

O persoal laboral fixo ao servizo do Concello de Vigo ten idénticos dereitos e sistemas de carreira e promoción profesional, así como idéntica estrutura retributiva, que o persoal funcionario de carreira, derivado da equiparación que realiza o vixente Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo, aprobado polo Pleno da Corporación o 28/12/1998.

En concreto, a promoción profesional debe materializarse inexcusablemente a través dos sistemas que ao efecto contempla o marco legal aplicable, que son os procesos selectivos con respecto aos principios de igualdade, mérito e capacidade (vid. Artigo 14 da Constitución de 1978 en relación co disposto no artigo 19 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público). Por tanto, non sería procedente nin axustado a Dereito o recoñecemento de oficio de categoría profesional por parte da Administración, considerando que constituiría unha vulneración do dereito constitucional á igualdade en detrimento dos restantes efectivos públicos en idéntica situación con dereito á promoción profesional a través dos procedementos previstos no EBEP, no Estatuto dos Traballadores e no vixente Capítulo III do Convenio do Concello de Vigo. Polo que , unha vez realizados os procesos selectivos para a promoción interna convocados a tal efecto para a provisión da praza requirida e de resultar nomeada a reclamante por ter superado a totalidade dos exercicios ao efecto, será cando procedería exercer as funcións propias e inherentes a un posto de categoría superior.

A este respecto cómpre informar, que no BOP nº 91, do 12/05/2016, publicouse o anuncio que contén a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as para a provisión, entre outros, de 4 prazas por promoción interna de Administrativo/a de Administración xeral. Logo do prazo regulamentario outorgado para completar a documentación ou emendar os defectos observados, o concelleiro delegado de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica, mediante resolución do 27/05/2016, declarou definitivamente admitidos/as aos/ás aspirantes para cubrir en propiedade as prazas de funcionarios de carreira e persoal laboral fixo incluídas na Oferta de Emprego Público do 2012, figurando no listado dos Administrativos/as de administración xeral na posición nº 7 dona Marina Davila Crespo, de entre un total de 21 aspirantes.

A recorrente opta como persoal laboral fixo do Concello de Vigo ao ter recoñecidos idénticos dereitos e sistemas de carreira e promoción profesional, así como idéntica estrutura retributiva, que o persoal funcionario de carreira, en atención á equiparación que realiza o referido Acordo regulador vixente das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo, aprobado polo Pleno da Corporación o 28/12/1998 e no que, pese ao carecer da titulación esixida, a base Décimo Sétima do proceso selectivo, reflicte que na totalidade das prazas reservadas á promoción interna exclusivamente do subgrupo C2 ao C1 esixírase a titulación establecida no artigo 76 do TREBEP ou unha antigüidade de 10 anos no corpo ou escala do subgrupo C2.

O proceso selectivo está actualmente en fase de realización das probas, téndose valorado ata a data os méritos achegados na fase de concurso.

IV. PROCEDIMENTO ESTABLECIDO NAS VIXENTES INSTRUCCIÓNS SOBRE PLANTILLA E CADRO DE PERSOAL, ANEXAS Á VIXENTE RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO (RPT) DO CONCELLO DE VIGO:

Dacordo co informado pola técnica de Formación e Avaliación en data 13/05/2016, debe considerarse que o hipotético desempeño de funcións de categoría superior, de terse realizado efectivamente, debería terse axustado ao procedemento establecido nas vixentes Instrucións sobre plantilla e cadro de persoal, anexas á vixente Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello de Vigo, publicadas no BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010.

Nas mesmas, a Instrucción terceira establece expresamente que retribuiranse en concepto de produtividade, entre outros supostos:

“O especial rendemento derivado do desempeño dun posto de categoría superior, por ausencia do seu titular con dereito a seguir percibindo as súas retribucións, sempre que a súa duración sexa superior a un mes polo importe da diferenza de nivel de complemento de destino e complemento específico entre os dous postos. A estos efectos as vacacións consideraranse sempre como dun mes, independentemente da súa duración.

Tamén deberá ser autorizado expresamente pola Alcaldía ou Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal a proposta motivada e xustificada do Xefe do Servizo co conforme do Concelleiro/a delegado/a da Área.

A súa duración deberá ser superior a 1 mes, tendo como límite o 31 de decembro de cada ano, debéndose proceder polas xefaturas dos servizos ás oportunas redistribucións das tarefas entre os efectivos adscritos ao mesmo ou ben á resignación ou mobilidade funcional de efectivos.

En ningún caso se tramitarán nin autorizarán encomendas verbais realizadas polos xefes da área ou servizos ou polos concelleiros-delegados, sen que exista a petición previa do servizo e o correspondente informe xustificativo.

A realización terá carácter voluntario e deberá existir o compromiso do interesado para realizar as tarefas encomendadas.

O Xefe do Servizo deberá dar conta ao Servizo de Recursos Humanos da finalización da substitución no mesmo día no que se produza.”

Así mesmo e, en relación á pretensión obxecto da presente reclamación administrativa, cómpre informar que nesta Área de Recursos Humanos e Formación consta tramitado un expte. nº 27.042/220, por mor da solicitude efectuada por dona dona Marina Aurora Davila Crespo en data 17/12/2014 (140153890), de complemento de produtividade polo desempeño de funcións de superior categoría. Solicitado informe, a técnica de Formación e Avaliación remitiuse ao informado en data 01/09/2015 (en expte. 27.000/220). En dito expte. Nº 27.000/220, tramitado por mor da solicitude presentada por dona dona Marina Aurora Davila Crespo en data 12/08/2015 (DOC. 150105130), de encomenda de funcións a dita funcionaria, consta un informe do xefe do servizo de Montes, Parques e Xardíns de data 16/04/2015 e o referido informe da técnica de Formación e Avaliación de data 01/09/2015, para tramitar a encomenda de funcións correspondentes ao posto de administrativo de administración xeral, retribuíndolle conforme ás instrucións de plantilla vixentes. Porén, solicitado informe de fiscalización e reserva de crédito á Intervención xeral, emítese informe en data 17/11/2015 advertindo da temporalidade da encomenda de funcións (tendo como límite o 31 de decembro do ano en curso), así como do feito de que non consta

no organigrama municipal do servizo que exista vacante de administrativo de Administración xeral, nin que resultase acreditada documentalmente a titulación académica requirida na RPT para o desempeño do posto de administrativo/a por parte de dita empregada. O expediente consta arquivado sen máis trámites.

As restricións impostas nestes últimos anos respecto da taxa de reposición de efectivos, fan necesario un exercicio de responsabilidade por parte de todos os integrantes da organización municipal co obxectivo de optimizar ao máximo os recursos humanos existentes. A este respecto, cómpre a adopción de medidas de racionalización, reestructuración e optimización de recursos humanos nos diferentes departamentos e servizos, baseándose en criterios de eficacia e eficiencia, realizando un correcto aproveitamento dos mesmos que supoña un aforro e unha optimización do persoal, valorando o capital de coñecementos da estrutura e utilizándoos para un bo funcionamento da Institución pública.

A este respecto e dacordo co disposto no apartado cuarto do decreto da Alcaldía de delegación de competencias de data 19/06/2015, os concelleiros/as delegados/as de cada Área executiva poderán adoptar cantas medidas consideren necesarias en exercicio das súas atribucións de dirección, xestión, organización, planificación e coordinación da actuación na súa área a fin de acadar os obxectivos previstos, sen prexuízo das competencias da Concellería delegada de Xestión Municipal.

Cómpre informar así mesmo, que en exercicio das súas competencias delegadas, mediante instrución de servizo da Concellería de Xestión Municipal e Persoal, tense tramitado nesta Área de Recursos Humanos e Formación, o expediente 27.860/220, de nomeamento urgente dun/ha auxiliar administrativo/a funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do EBEP, por un período máximo de seis meses, xustificada nas necesidades do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, contida no escrito do xefe de Área de Servizos Xerais, coa conformidade do concelleiro delegado de Parques e Xardíns de data 21/03/2016, para reforzo do servizo.

Xa que logo, e dacordo cos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expostos, resulta procedente desestimar a reclamación administrativa previa á xurisdición laboral interposta por dona Marina Aurora Davila Crespo para recoñecemento de categoría de xefa de negociado, grupo C1, CD 22 e CE 313 e abono das diferencias salariais (entre as percibidas pola categoría de auxiliar de servizos internos e as que tería que ter percibido polas funcións realmente realizadas coas de xefa de negociado) na Oficina administrativa de Montes, Parques e Xardíns, da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras, polos seguintes motivos:

- 1. non consta no organigrama municipal do servizo que exista vacante de administrativo de Administración xeral, nin que se teña tramitado a correspondente dotación orzamentaria para a transformación dun posto en administrativo;*
- 2. a empregada non está en posesión da titulación esixida para o desempeño de posto de administrativo (Grupo C1);*
- 3. o hipotético desempeño de funcións de categoría superior, de terse realizado efectivamente, debería terse axustado ao procedemento establecido nas vixentes Instrucións sobre plantilla e cadro de persoal, anexas á vixente Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello de Vigo, publicadas no BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010;*
- 4. segundo a vixente Guía municipal de funcións (aprobada mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 20/09/2010) resulta da exclusiva responsabilidade da xefatura do departamento a organización dos recursos humanos adscritos ao mesmo, asignando as funcións entre o seu persoal en función dos obxectivos, da natureza dos postos de traballo e do perfil das persoas que os ocupan, polo que as funcións asignadas a dita*

- empregada municipal deberán ser as correspondentes á súa categoría profesional, apercibindo expresamente das responsabilidades nas que poidese incorrer persoalmente dita xefatura, de permitirse a consolidación desa situación no tempo;*
5. *en exercicio das competencias delegadas no apartado cuarto do decreto da Alcaldía do 19/06/2015, os concelleiros/as delegados/as de cada Área executiva poderán adoptar cantas medidas consideren necesarias en exercicio das súas atribucións de dirección, xestión, organización, planificación e coordinación da actuación na súa área a fin de acadar os obxectivos previstos, sen prexuízo das competencias da Concellería delegada de Xestión Municipal. A tal efecto, a xefatura do servizo elevará proposta ao seu superior sobre o perfeccionamento das prestacións do servizo, a configuración dos postos e o funcionamento do departamento, formulando as melloras no tocante á súa estruturación e á configuración dos postos, en liña coas melloras establecidas na formulación dos procesos de traballo.*
 6. *a promoción profesional debe materializarse inexcusablemente a través dos sistemas que ao efecto contempla o marco legal aplicable, que son os procesos selectivos con respecto aos principios de igualdade, mérito e capacidade (vid. Artigo 14 da Constitución de 1978 en relación co disposto no artigo 19 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público). Por tanto, non sería procedente nin axustado a Dereito o recoñecemento de oficio de categoría profesional por parte da Administración, considerando que constituiría unha vulneración do dereito constitucional á igualdade en detrimento dos restantes efectivos públicos en idéntica situación con dereito á promoción profesional a través dos procedementos previstos no EBEP, no Estatuto dos Traballadores e no vixente Capítulo III do Convenio do Concello de Vigo;*
 7. *a interesada figura entre os 21 aspirantes para cubrir en propiedade as 4 prazas de funcionarios de carreira por promoción interna de Administrativo/a de Administración xeral incluídas na Oferta de Emprego Público do 2012, ás que pode optar como persoal laboral fixo do Concello de Vigo ao ter recoñecidos idénticos dereitos e sistemas de carreira e promoción profesional, así como idéntica estrutura retributiva, que o persoal funcionario de carreira, en atención á equiparación que realiza o vixente Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo, aprobado polo Pleno da Corporación o 28/12/1998; a base Décimo Sétima do proceso selectivo reflicte que na totalidade das prazas reservadas à promoción interna exclusivamente do subgrupo C2 ao C1, como é o presente caso, esixírase a titulación establecida no artigo 76 do TREBEP ou unha antigüidade de 10 anos no corpo ou escala do subgrupo C2; circunstancia esta pola que a aspirante pode optar a dito proceso selectivo, pese ao carecer da titulación esixida.*
Unha vez realizadas as probas de dito proceso selectivo de promoción interna para a provisión das prazas de administrativo/a e de resultar nomeada a reclamante por ter superado a totalidade dos exercicios ao efecto, será cando proceda exercer as funcións propias e inherentes a un posto de categoría superior, con pleno respecto ao procedemento legalmente establecido e aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade.

V.- RÉXIME COMPETENCIAL E PROPOSTA DE ACORDO:

De conformidade coas competencias recollidas que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o réxime de atribucións contemplado no artigo 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local; e coa conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do concelleiro-

delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal nos termos da delegación competencial efectuada (Decreto da Excm. Alcaldía e Acordo da Xunta de Goberno Local de datas 19/06/2015) elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- Desestimar a reclamación administrativa previa á xurisdición laboral por recoñecemento de dereito e cantidades, formulada por dona Marina Aurora Davila Crespo con Rexistro de entrada de data 26/02/2016 (DOC. 160023329), solicitando que se lle recoñeza a categoría de xefa de negociado, grupo C1, CD 22 e CE 313 e se lle abonen as diferencias salariais, entre as percibidas pola categoría de auxiliar de servizos internos e as que tería que ter percibido polas funcións realmente realizadas coas de xefa de negociado, na Oficina administrativa de Montes, Parques e Xardíns, da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras, cuxo importe ascende a 14.695,30 €, dende o 1 de xaneiro de 2014 ao 31 de xaneiro de 2016, así coma as que se devenguen a partir do 01/02/2016, todas elas incrementadas cos xuros de mora do artigo 29.3 do ET; nos termos do informe técnico emitido ao presente expediente, e en atención aos fundamentos xurídicos expresados e motivación exposta no informe proposta que antecede.

SEGUNDO.- Notifíquese o presente acordo á reclamante aos efectos oportunos, así como á Asesoría Xurídica Municipal (Xefatura do Servizo Contencioso), ao servizo de Montes, Parques e Xardíns e ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, indicando que contra o mesmo poderase interpoñer recurso de reposición no prazo de 1 mes contado a partir do día seguinte ao da notificación ou publicación do presente acordo, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito ou dos recoñecidos pola Lei 36/2011, do 10 de outubro, Reguladora da Xurisdicción Social.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(590).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN, MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DA REDE SEMAFÓRICA. EXPTE. 95611/210.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 04/05/16 e informe de fiscalización do 08/06/16, dáse conta do informe-proposta do 06/06/16, do xefe da área de Seguridade e Mobilidade, conformado polo concelleiro-delegado de área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

“1.- Antecedentes:

1.- O 1 de agosto de 2014, D. Juan Manuel Martínez Martínez, en nome e representación da UTE Esycsa-Etra, con NIF U36920692 adxudicataria do concurso convocado para a contratación do servizo de ampliación, substitución, mantemento, conservación, reparación, subministro, instalación e explotación das instalacións de regulación, control e información de tráfico de vehículos e circulación de peóns na rede viaria e prestación de servizos

complementarios do Concello de Vigo, solicita a revisión de prezos do mencionado contrato, para a anualidade 2013/2014.

2.- O 7 de marzo de 2016 D. Juan Manuel Martínez Martínez, solicita a revisión de prezos correspondente o ano 2014/2015, do contrato mencionado.

2.- Fundamentación xurídica:

Na cláusula V do Prego de Cláusulas Administrativas que rexe o presente contrato se establece expresamente que o contrato poderá dar lugar só a revisión ordinaria que procederá para todos os prezos do contrato en función das variacións experimentadas polo IPC xeral establecido para todo o territorio nacional, elaborado polo INE e publicado no BOE, a petición e xustificación do contratista.

3.- Cálculo da actualización do prezo do contrato:

Primeiro: O importe de mantemento do APARATADO A resulta da suma das facturas realizadas nese período, e polo tanto, non coincide co valor calculado do IPC directamente aplicado sobre a base do contrato xa que o apartado de mantemento debe calcularse segundo Prego de Cláusulas Administrativas que rexe o contrato na Cláusula IV xustificado no ANEXO I deste informe de proposta, resultando unha vez revisado os períodos o seguinte importe parcial.

–APARATADO A: Mantemento, conservación e reparación: 2.438.584,80 euros/ano

Segundo.- Para a revisión da anualidade nos apartados B-C e D de xullo 2013/2014 e 2014/2015, a aplicar a partir do 1 de xullo de 2015, deberáse aplicar ao prezo fixado xuño 2013 (Expte 87805/210) as actualizacións do IPC, que segundo datos facilitados polo INE no período xuño 2013/2014 foi de 0,1%, e o incremento do IPC do período xuño 2014/2015 segundo datos facilitados polo INE foi de 0,1% resultando unha vez revisado os períodos os seguintes importes parciais:

–APARTADO B: Subministro e instalación para renovación de equipos e instalación segundo o establecido no Prego de prescricións técnicas: 590.132,84 euros/ano

–APARTADO C: Remodelación e ampliación de instalacións: 193.864,43 euros/ano.

–APARTADO D: Mantemento do túnel de Beiramar nos aspectos a que se refire a cláusula 1.4 do Prego de cláusulas administrativas: 182.398,13 euros/ano.

	Variacións IPC	APTD.B	APTD. C	APTD.D
Prezo xullo 2013 (Expte 87805/210)		587.485,63 €	192.994,79 €	181.579,93 €
Prezo xullo 2014	IPC (0,10 %)	588.073,12 €	193.187,78 €	181.761,51 €
Prezo xullo 2015	IPC (0,10%)	588.661,19 €	193.380,97 €	181.943,27 €
Prezo solo 2º semestre 2016	IPC (0,50 %)	590.132,84 €	193.864,43 €	182.398,13 €

4.- Cálculo do IPC atrasado pendente de pago:

FACTURADO	TOTALES	ATRASOS IPC	
Xullo 2014 (IVA 21%)	283.128,05 €	IPC 0,10 ACUMULADO PERIODO XUÑO 2013 XULLO 2014	
Agosto 2014 (IVA 21%)	414.661,09 €		
Setembro 2014 (IVA 21%)	356.148,25 €		
Outubro 2014 (IVA21%)	227.707,15 €		
Novembro 2014 (IVA 21%)	253.897,81 €		
Decembro 2014 (IVA21%)	251.955,19 €		
Xaneiro 2015 (IVA 21%)	466.803,68 €		
Febreiro 2015 (IVA 21%)	319.540,14 €		
Marzo 2015 (IVA 21%)	344.945,64 €		
Abril 2015 (IVA 21%)	216.894,23 €		
Maiο 2015 (IVA 21%)	244.592,45 €		
Xuño 2015 (IVA 21%)	219.660,14 €		
TOTAL	3.599.933,82 €		
Xullo 2015 (IVA 21%)	213.722,70 €	IPC 0,10 ACUMULADO PERIODO XUÑO 2013 XU- LLO 2014	IPC 0,10 PERIODO XUÑO 2014 XULLO 2015
Agosto 2015 (IVA 21%)	230.890,83 €		
Setembro 2015 (IVA 21%)	208.582,05 €		
Outubro 2015 (IVA 21%)	273.816,99 €		
Novembro 2015 (IVA 21%)	319.332,02 €		
Decembro 2015 (IVA 21%)	221.551,19 €		
Xaneiro 2016 (IVA 21%)	443.485,32 €		
Febreiro 2016 (IVA 21%)	280.713,09 €		
TOTAL	2.192.094,19 €	2.192,09 €	2.192,09 €

TOTAL ATRASOS IPC

IPC 0,1%

Período xullo 2014 – xuño 2015 ----- 3.599.93€

IPC 0,1%+0,1%

Período xullo 2015 – febreiro 2016 ----- --2.192,09€+2.0192,09€

TOTAL: 7.984,12 €

O funcionario que subscribe propón ao Concelleiro delegado que se eleve á Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización, a seguinte proposta, que é coincidente coa que figura anteriormente mencionado.

Proposta de acordo:

PRIMEIRO: O prezo do contrato a partir do 1 de xullo de 2015 quedará establecido na cantidade de 3.404.980,20 euros/ano e os seguintes importes parciais:

- *Mantemento, conservación e reparación: 2.438.584,80 euros.*
- *Subministro e instalación para renovación de equipos e instalacións segundo o plan establecido no Prego de prescricións técnicas: 590.132,84 euros.*
- *Remodelación e ampliación de instalacións por un importe fixo de 193.864,43 euros.*
- *Mantemento do túnel de Beiramar nos aspectos a que se refire a cláusula 1.4 do Prego de cláusulas administrativas: 182.398,13 euros.*

TERCEIRO: Recoñecer á empresa o dereito a percibir a cantidade de 7.984,12 € correspondente o IPC de xuño 2014 ata febreiro 2016, con cargo á partida 1330 2279903."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(591).- FIXACIÓN DE PREZOS DE VENDA DE ENTRADAS PARA OS CONCERTOS DE PAGAMENTO DO FESTIVAL DE JAZZ "IMAXINA SONS'16". EXPTE. 867/330.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 14/06/16, dáse conta do informe-proposta do 10/06/16, do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, conformado polo secretario de Admon. Municipal e polo concelleiro-delegado de Cultura, que di o seguinte:

"Antecedentes

Dende a Área de Cultura estase a organizar a décimo segunda edición do Festival de Jazz de Vigo IMAXINA SONS'16, que se desenvolverá en diversos espazos da cidade, do 1 ao 9 de xullo.

O concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu, con data 10 de xuño, que por esta xefatura se inicie o expediente necesario para fixar os prezos de venda de entradas dos concertos de pagamento incluídos no programa do citado festival.

Fundamentación xurídica

A proposta redáctase de conformidade co artigo 3 da ordenanza municipal número 42 do Concello de Vigo para o ano 2016, reguladora dos prezos públicos pola prestación do servizo de organización de espectáculos, que establece que se o custo de organización do espectáculo fose extraordinario, poderán incrementarse as tarifas relacionadas anteriormente en contía que non supere o custo calculado en base á ocupación total das localidades, previa presentación da correspondente xustificación de gastos na Intervención de Fondos e posterior aprobación da Xunta de Goberno.

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a aprobación do expediente, de acordo co sinalado no artigo 3.1 da mencionada ordenanza municipal número 42 para o ano 2016.

Xustificación

Xa que o custo de organización desta programación é extraordinario, tal e como establece a citada ordenanza reguladora de prezos públicos, increméntanse as tarifas relacionadas nesta ordenanza en contía que non superará o custo calculado en base á ocupación total das localidades.

A programación do festival conta con nove concertos de pagamento, seis no auditorio municipal (285 butacas) e tres no salón de actos do Marco (140 butacas).

O custo dos nove concertos, incluíndo cachés dos artistas e o prorrateo dos costes xerais do festival para produción técnica, material gráfico publicitario, dereitos de autor e servizo de venda de entradas, ascendería a 93.331,63 € que se divide en:

Cachés: 68.546,50 €

Material gráfico: 2.500 €

Produción: 18.000 €

Dereitos de autor: 3.285,13 €

Servizo de venda de entradas: 1.000 €

Para calcular o prezo por espectador de cada concerto, ao caché de cada espectáculo habería que engadirlle os dereitos de autor derivados da exhibición do mesmo. Por outro lado a suma dos costes de produción, venda de entradas e material gráfico (costes comúns), dividido entre os oito concertos.

Coste total de produción, venda de entradas e material gráfico: 21.500 € / 9 espectáculos = 2.388,88 € por espectáculo de gastos comúns.

Así pois o coste por espectador calculado en base á ocupación total das localidades (285 butacas para auditorio e 140 para salón de actos do Marco) é o seguinte:

DÍA	ESPECTÁCULO	CACHÉ	DEREITOS DE AUTOR	GASTOS COMÚNS	COSTE/ESPECTADOR	PREZO PROPOSTO
01/07/16	Hermeto Pascoal	20.570,00 €	1.089,00 €	2.388,88 €	84,38 €	5,00 €
02/07/16	Julia Hülsmann	9.801,00 €	544,50 €	2.388,88 €	44,68 €	5,00 €
03/07/16	Masaa	7.260,00 €	272,25 €	2.388,88 €	34,81 €	5,00 €
04/07/16	Robertoliveira	756,25 €	35,00 €	2.388,88 €	22,72 €	3,00 €
05/07/16	Frank Gratkowski	1.966,25 €	70,00 €	2.388,88 €	31,61 €	3,00 €
06/07/16	Frontton	5.203,00 €	140,00 €	2.388,88 €	55,23 €	3,00 €
07/07/16	Nani García Trío	7.260,00 €	272,25 €	2.388,88 €	34,81 €	5,00 €
08/07/16	Aki Takase	3.509,00 €	136,13 €	2.388,88 €	21,17 €	5,00 €
09/07/16	Orquestra de jazz de Matosinhos	12.221,00 €	726,00 €	0,00 €	45,43 €	5,00 €

Ningún dos prezos propostos superan o custo calculado en base á ocupación total das localidades nas medias calculadas, segundo establece a ordenanza nº 42 reguladora dos prezos públicos pola prestación do servizo de organización de espectáculos no seu artigo 3.1

As entradas serán postas á venda anticipadamente a través do servizo de Ataquilla (web www.ataquilla.com, teléfono 902.504.500 e despacho de billetes da central de espectáculos) e no mesmo despacho de billetes do Auditorio Municipal e salón de actos do Marco, desde unha hora antes do comezo do espectáculo.

Á vista do exposto, previo informe da Intervención Xeral, coa conformidade do secretario de Administración Electrónica e mailo concelleiro-delegado da Área de Cultura, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA:

"Que se autoricen os prezos de venda de entradas para os concertos previstos no Festival de Jazz IMAXINA SONS'16, dacordo coa ordenanza reguladora de prezos públicos nº 42 para o ano 2016, segundo o seguinte detalle:

- Espectáculos no Auditorio Municipal: 5 €
 - Hermeto Pascoal-1 de xullo
 - Julia Hülsmann-2 de xullo
 - Massa-3 de xullo
 - Nani García Trío-7 de xullo
 - Aki Takase-8 de xullo
 - Orquestra de Jazz de Matosinhos-9 de xullo

Espectáculos no salón de actos do Marco: 3 €

- Robertoliveira-4 de xullo
- Frank Gratkowski-5 de xullo
- Frontton-6 de xullo

As entradas serán postas á venda anticipadamente a través do servizo de Ataquilla (web www.ataquilla.com, teléfono 902.504.500 e despacho de billetes da central de espectáculos) e no mesmo despacho de billetes do Auditorio Municipal e salón de actos do Marco, desde unha hora antes do comezo do espectáculo."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(592).- PROPOSTA RELATIVA Á ACEPTACIÓN DA CONCESIÓN ADMINISTRATIVA, SEN CANON DE UTILIZACIÓN, PARA A OCUPACIÓN DA SUPERFICIE SOBRE O FALSO TÚNEL FERROVIARIO E O TÚNEL DE ACCESO RODADO NO EIXE ATLÁNTICO DE ALTA VELOCIDADE ACCESO NORTE A VIGO, NOVA ESTACIÓN DE VIGO-URZÁIZ, INFRAESTRUCTURA FERROVIARIA ENTRE OS PP.KK 0+571,8 AO 0+428 NO TERMO MUNICIPAL DE VIGO. EXPTE. 143/403.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 06/06/16, da técnica de Admon. Xeral da da XMU, conformado polo enxeñeiro técnico de Obras Públicas-xefe de Urbanización e Infraestruturas e, en data 15/06/16, polo xerente municipal de Urbanismo, que di o seguinte:

“Axuizado o contido dos borradores dos documentos de formalización de concesión gratuíta de uso, remitidos vía telemática pola entidade pública empresarial Administrador de Infraestruturas Ferroviarias- Alta velocidade (en diante ADIF-AV) do Ministerio de Fomento, a través da xefatura do servizo responsable do “ADIF-AV del Eje Atlántico” emítase o seguinte informe con proposta de acordo, para o que resultan acreditados os seguintes,

I.- Antecedentes e Feitos

I.1.- A entidade pública empresarial “ADIF-ALTA VELOCIDAD” ten incluído no seu inventario xurídico de bens inmobles, o predio sito entre os PP.KK 0+571,8 ao 0+428 do Eixe Atlántico Alta Velocidade, na zona da rúa de Navarra, neste termo municipal de Vigo, que se atopa formalmente afecto ao servizo ferroviario de interese xeral e que ten a natureza xurídica de ben de dominio público.

Debaixo do referido inmovible construíuse un túnel artificial ou falso túnel ferroviario e un túnel de acceso rodado para emerxencias que serven de acceso a nova estación de Vigo- Urzaiz, cuxas dimensións e acabados se recollen na proposta de convenio remitida.

I.2.- O Concello de Vigo e a entidade pública empresarial “ADIF-ALTA VELOCIDAD”, están interesados en conveniar, o uso destes espazos públicos, como un espazo libre/zona de paso peonil, en razón do interese xeral e á vista do uso previsto, arbitrar ou instrumentar a cesión de uso sobre o voo dos falsos túneles do terreo demanial que se describe e, a través dunha concesión administrativa gratuíta, ao abeiro do previsto na Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas.

Dita concesión, suporá un aproveitamento especial e duradeiro dese dominio público ferroviario consonte á Lei 38/2015, do 29 de setembro, do sector ferroviario, sen que ese aproveitamento especial leve aparellada utilidade económica para o Concello, polo que se considera que a ocupación pactada non estará suxeita ao canon de utilización previsto na devandita Lei do sector ferroviario (LSF) en relación co artigo 93.4 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas

II.- Consideracións xurídicas

II.1. - Instituto xurídico dos convenios

Compre facer unha pequena digresión sobre o instituto xurídico dos convenios en xeral. Entre os principios reitores da actividade das Administracións públicas ocupan un lugar preeminente os de colaboración e cooperación, constitucionalizados no artigo 103 da Carta Magna e positivizados polo artigo 4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRX-PAC) e no eido normativo local nos artigos 10 e 55 LBRL, que veñen a obrigar ás entidades locais e demais Administracións Públicas a prestarse a cooperación e asistencia activas necesarias para o eficaz desenvolvemento das tarefas que lle corresponden. O artigo 9 LRX-PAC dispón que as relacións entre a Administración Xeral do Estado ou a Administración da Comunidade Autónoma coas Entidades que integran a Administración

Local, rexeranse pola lexislación básica en materia de Réxime Local, aplicándose supletoriamente o disposto no Título I da LRX-PAC, de maneira que o artigo 57 LBRL determina que a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como de interese común, desenvolverase con carácter voluntario nas formas e termos previstos nas Leis, podendo ter lugar mediante os convenios administrativos que subscriban; neste eido de relacións interadministrativas, o convenio administrativo se constitúe, consonte coa lexislación de réxime xurídico das Administracións Públicas e ás veces sectorial, na ferramenta propicia a través da cal encanar os referidos principios na acaida realización dos intereses públicos encomendados.

Por outra banda, o artigo 186 e seguintes da LPAP preceptúan que a Administración Xeral do Estado e os organismos públicos vinculados a ela ou dependentes da mesma poderán celebrar convenios con outras Administracións públicas ou con persoas xurídicas de dereito público ou de dereito privado pertencentes ao sector público, co fin de ordenar as relacións de carácter patrimonial e urbanístico entre elas nun determinado ámbito ou realizar actuacións comprendidas nesa lei en relación cos bens e dereitos dos seus respectivos patrimonios. Cítase ademais outra profusa normativa, así o artigo 4.1.c) do TRLCSP 3/2011, do 14 de novembro, que exclúe do seu ámbito de aplicación aos convenios de colaboración que celebren a Administración Xeral do Estado e as Entidades Locais e as diferentes Administracións Públicas ou calquera delas entre si, bardante que pola súa natureza, teñan a consideración de contratos suxeitos a tal Lei; son tamén de mención os artigos 1255 do Código Civil, 111 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aprobou o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local e 310 LALG, cando dispoñen que as entidades locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico ou aos principios de boa administración, resultando de aplicación tamén o disposto no artigo 88 LRX-PAC que estipula que as Administracións públicas poderán celebrar acordos, pactos, convenios ou contratos con persoas tanto de dereito público como privado, sempre que non sexan contrarios ao Ordenamento Xurídico nin versen sobre materias non susceptibles de transacción e teñan por obxecto satisfacer o interese público que teñen encomendado, co alcance, efectos e réxime xurídico específico que en cada caso prevea a disposición reguladora, podendo tales actos tela consideración de finalizadores dos procedementos administrativos ou enxerirse nos mesmos con carácter previo, vinculante ou non, á resolución que lles poña fin.

II.II.- Réxime xurídico

II.II.A.- Os Plans xerais e os demais instrumentos xerais de ordenación urbanística cualificarán os terreos que se ocupen polas infraestruturas ferroviarias que formen parte da Rede Ferroviaria de Interese Xeneral, así coma aqueles que deban ocuparse para tal finalidade, consonte cos estudos informativos aprobados definitivamente, como sistema xeral ferroviario ou equivalente e non incluírán determinacións que impidan ou perturben o exercicio das competencias atribuídas ao Administrador de Infraestruturas Ferroviarias, segundo os artigos 7 e 10 da Lei 38/2015, de 29 de setembro, do sector ferroviario.

As cesións de uso das superficies sobre o voo do falso túnel e o túnel de acceso rodado, incluídos no dominio ferroviario, para destinalas a dotación local como a que nos ocupa, pode materializarse mediante acordo entre ámbalas administracións, ao abeiro do disposto no artigo 129 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia- (LSG), en relación co artigo 96 LSG e 180 do Real Decreto 3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión Urbanística.

Os terreos clasifícanse no vixente PXOU como solo urbano regulado pola ordenanza 4.2 de zonas ferroviarias.

O artigo 3 do Regulamento de bens das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño (en adiante RBEL), dispón que son bens de uso público das entidades locais, entre outros, as prazas, rúas, paseos, parques e demais obras públicas de aproveitamento ou utilización xerais cuxa conservación e policía sexa competencia da Entidade Local. Ademais, sen prexuízo do vencellamento do solo ao seu destino urbanístico dende a aprobación dos plans, a afectación dos inmobles ao uso público producirase, en todo caso, no intre da cesión do dereito á administración actuante, consonte á lexislación urbanística.

II.II.B- O Administrador de Infraestruturas Ferroviarias- Alta Velocidade (ADIF-AV) é unha entidade pública empresarial con personalidade xurídica propia, plena capacidade de obrar e patrimonio propio, distinto do da Administración Xeral do Estado, adscrita ao Ministerio de Fomento segundo o Real Decreto-Lei 15/2013, de 13 de decembro sobre reestruturación da entidade pública empresarial «Administrador de Infraestruturas Ferroviarias» (Adif) e outras medidas urxentes na orde económica; disposición legal que acorda a creación da entidade pública empresarial “Adif-Alta Velocidad” por escisión do eido da actividade de construción e administración de infraestruturas de alta velocidade do Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF) e se dispón que “ADIF-Alta Velocidad asumirá las funciones asignadas al administrador de infraestructuras ferroviarias por la Ley 39/2003, de 17 de noviembre, del Sector Ferroviario” (hoxe Lei 38/2015, de 29 de setembro, do Sector Ferroviario) e que “se subrogará en la posición de la entidad pública empresarial ADIF”.

É dicir, é un ente, ao igual que o ADIF, que pode adquirir e transmitir plenamente bens e dereitos. Neste caso, pode transmitir ceder o uso do ben que se citou nos antecedentes.

II.II.C- Pola súa banda, o Concello de Vigo, como entidade territorial que é, ten plena capacidade xurídica para adquirir e posuír bens de todas as clases (artigo 9 e seguintes do RBEL).

Os Concellos son as entidades públicas territoriais que naturalmente deben adquirir as zonas destinadas a zonas verdes e espazos libres de uso público da cidade e, en consecuencia, estímase que non só é correcto senón plenamente axeitado, que o Concello de Vigo adquira o uso do ben referido ata que se transmita a titularidade polo ADIF (previa desafectación) ou se habilite calquera outra figura, como a do complexo inmobiliario ou afección concorrente, coa finalidade de adicalos a eses fins de interese xeral, dada a tipoloxía da infraestrutura.

É dicir, a cesión de uso para os fins sinalados efectúase mentres non adquiran a condición plena de bens de dominio público local, consonte co artigo 5.1 da Lei 33/2003, de patrimonio

das administracións públicas, artigo 81.2 da Lei 7/1985, reguladora de bases de réxime local e artigos 3 e 8.4.a) do RBEL.

II.II.D- O artigo 15 da LPAP e 10 do RBEL dispoñen na mesma liña que as Corporacións Locais poden adquirir bens e dereitos por doazón así como por calquera outro modo lexítimo previsto polo ordenamento xurídico, como o é a cesión gratuíta, lembrando que o artigo 12.1 do RBEL establece que a adquisición de bens a título gratuíto non estará suxeito a restrición algunha.

II.II.E.- O artigo 13 do RBEL establece que a adquisición de bens baixo condición ou modalidade da súa afectación permanente a determinados destinos -nestes supostos só se cede o uso- entenderase cumprida e consumada cando durante trinta anos servisen ao mesmo e aínda que posteriormente deixasen de estalo por circunstancias sobrevidas de interese público.

En todo caso, a condición que se pacta en relación ao ben que é obxecto de cesión de uso, do seu destino a unha determina finalidade, non se pode considerar unha condición ou modalidade onerosa, porque non supón un gravame oneroso para este Concello, senón a inculpación a unha finalidade pública concreta. O único que se determina é a afección a un fin de interese público, que é legalmente procedente de conformidade co ordenamento xurídico.

En consecuencia, a cesión gratuíta ou concesión sen canón de utilización só require a aceptación da cesión por parte do Concello de Vigo.

A estes efectos debe terse en conta o disposto no artigo 113.2 da LPAP, que establece que as cesións gratuítas de bens inmoables entre Administracións Públicas poderanse facer en documento administrativo, sendo título suficiente para a súa inscrición no Rexistro da Propiedade. Mediante o presente acordo preténdese aceptar a cesión gratuíta de uso do ben descrito.

II.II.F.- Ao abeiro do disposto no artigo 93.4 da LPAP, os textos dos títulos concesionais determinan que a ocupación do dominio público ferroviario non se suxeita ao canon previsto na Orde FOM/898/2005, do 8 de abril.

III.-Órgano competente

O artigo 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, atribúe a competencia para a adquisición de bens e concesións, nos municipios de gran poboación, á Xunta de goberno local, á que lle compete aceptar a cesión gratuíta do uso da parcela que nos ocupa, por proposta do Consello da xerencia, de conformidade co disposto no artigo 10.1 dos Estatutos desta XMU.

Xa que logo, visto o que antecede, propónse a adopción do seguinte,

Acordo

Primeiro.- Aceptar a cesión gratuíta de uso a realizar pola entidade pública empresarial Administrador de infraestruturas ferroviarias- Alta Velocidad (ADIF) do Ministerio de

Fomento, nos termos e condicións que figuran no último texto do documento de formalización achegado nomeado “ De concesión administrativa, sen canón de utilización, para a ocupación da superficie sobre o falso túnel ferroviario e o túnel de acceso rodado no eixe Atlántico de alta velocidade acceso Norte a Vigo, nova estación de Vigo-Urzaiz, infraestrutura ferroviaria entre os PP.KK 0+571,8 ao 0+428 no termo municipal de Vigo (Pontevedra)” e plano achegado, que constitúen os anexos a este acordo e aos que se lles presta expresa aprobación.

Segundo.- O Concello de Vigo acepta e toma posesión do uso da superficie referida (aproximada de 3.570 m²) para o fin sinalado no documento de formalización que se xunta á presente, a partir da data da súa sinatura, que se fará constar no inventario de bens municipais, así como reflectirse no Catastro e no Rexistro da Propiedade nos termos e condicións que figuran no anexo a este acordo

Terceiro.- A presente concesión producirá efectos nos termos e condicións fixados no documento de formalización que se xunta á presente, e que deberá ser asinado polo representante de ADIF-AV e polo Excmo. Alcalde do Concello de Vigo e que serán os que rexan o réxime xurídico da concesión referida, facultando ao Sr. Alcalde do Concello de Vigo para a sinatura do documento de formalización así como para realizar cantos actos sexan necesarios para o bo termo e execución de dita concesión.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, na súa sesión ordinaria do 10/06/16, acorda elevar á Xunta de Goberno Local a precedente proposta.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(593).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

Me/rs.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Olga Alonso Suárez.